



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

MESTRADO UNIVERSITARIO EN LITERATURA, CULTURA E DIVERSIDADE

**DISCURSOS E REPRESENTACIÓNS SOBRE O BRASIL
NA NARRATIVA DE XAVIER R.BAIXERAS E IOLANDA
ZÚÑIGA**

NOA FERNÁNDEZ PAZO

FEBREIRO DE 2018

Vº e Pr.
(Directora)

Profesora Doutora
CARMEN FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN

I. INTRODUCCIÓN	2
II. MARCO TEÓRICO	6
2.1. Sistemas de saber/poder: o discurso e o poder simbólico	6
2.2. Representacións sociais e estereotipos	7
2.3. Discursos da alteridade	9
2.4. Interseccionalidades: xénero, raza e sexualidade como marcadores da alteridade	10
III. “O QUE FAZ O BRASIL, BRASIL?”: DISCURSOS SOBRE A BRASILIDADE	14
3.1. Brasil de dentro a fóra: discursos nacionais	16
3.2. Brasil de fóra para dentro	19
IV. DISCURSOS SOBRE BRASIL EN XAVIER BAIXERAS E IOLANDA ZÚÑIGA	24
4.1. Un breve perfil das obras e os seus creadores	24
4.2. Brasil nos textos	27
4.2.1. Brasil Verde	27
4.2.2. Brasil lama	32
4.2.3. Brasil de sangue	38
4.2.4. Brasil de plástico	45
V. CONCLUSIÓNS	52
VI. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	57

RESUMO

O traballo que aquí presentamos, titulado *Discursos e representacións sobre o Brasil na narrativa de Xavier Baixeras e Iolanda Zúñiga*, ten como obxectivo elaborar un estudo comparativo das obras *Brasil no centro* (2011) de Xavier Rodríguez Baixeras e *Periferia* (2010) de Iolanda Zúñiga. Nesta pesquisa trataremos de detectar na narrativa destes dous autores as diferentes representacións sobre o Brasil actual e analizaremos o modo en que estas foron construídas.

I. INTRODUCCIÓN

As décadas de 60 e 70 supuxeron o inicio da exportación cara Europa de numerosos produtos culturais de orixe brasileira que rapidamente se popularizaron. Así, por exemplo, a chamada Música Popular Brasileira (MPB) chegou a nós da man do movemento Tropicália representado por artistas na actualidade tan recoñecidos como Caetano Veloso, Gilberto Gil ou Gal Costa, o cinema veu da man de directores como Marcel Camus con *Orpheu Negro* (1959) ou Glauber Rocha con *Terra em Transe* (1967) e, xa dentro do noso ámbito de estudo, a produción literaria brasileira internacionalizouse a través da novelas de Jorge Amado.

Ao botarmos unha ollada a algúns destes produtos culturais, podemos notar como case por unanimidade chegan á representación do Brasil como “un país tropical abençoado por Deus e bonito por natureza”¹. Este país exótico, no entanto, tamén vai comezar a ser caracterizado como unha “terra de contrastes”², onde a violencia e as desigualdades son a primeira carta de presentación, de modo que se vai ir deseñando un imaxinario que chega até a actualidade.

A partir desta reflexión previa, o obxectivo deste traballo será o de presentar unha análise das

¹ Letra da canción “País Tropical” composta polo músico brasileiro Jorge Ben en 1969.

² Definición dada polo sociólogo francés Roger Bastide coa publicación do seu libro *Terra de Contrastes* en 1959.

representacións e/ou discursos sobre o Brasil en dúas obras narrativas da literatura galega recentemente publicadas: *Periferia* (2010) de Iolanda Zúñiga e *Brasil no centro* (2011) de Xavier Baixeras.

O noso traballo ábrese cunha reflexión inicial de carácter teórico, mínima mais necesaria, co fin de dar soporte á análise posterior e a través da que procuraremos entender como se conforman as imaxes e discursos, cales son os seus mecanismos, os seus axentes de creación e de divulgación e, por último, como se ancoran e se repiten até se naturalizaren, para o que botaremos man, sobre todo, das propostas teóricas sobre o discurso de Pierre Bordieu e Michel Foucault. A seguir, veremos que se entende por representación social e estereotipo, de forma xeral, e como funcionan dentro dos discursos a través das propostas teóricas de Serge Moscovici e Walter Lippman. Cremos que tamén é necesario facer un achegamento a estes conceptos desde os estudos poscoloniais e da alteridade da man de autores como Homi Bhabha, Edward Said ou Stuart Hall, debido a que o noso corpus textual xira tematicamente arredor da representación do Brasil, país que pasou por un importante proceso de colonización. Como consecuencia deste contexto, faise imprescindible, igualmente, aproximármonos ás principais análises que se fixeron desde o feminismo en relación á particular funcionalidade que os conceptos de xénero, raza e clase teñen nos discursos sobre a alteridade, cuestións que foron amplamente tratadas por teóricas como Judith Butler, Nira Yuval-Davis ou Gayatri Spivak.

Xa para rematar esta parte teórica, presentaremos unha breve panorámica polas representacións habituais que, sobre o Brasil, recibimos a través dos medios de comunicación e produtos turísticos. Desta maneira, o noso percorrido estará sustentado sobre tres eixos: en primeiro lugar, nos discursos nacionais sobre o que denominaremos *brasilidade*, isto é, a forma concreta en que se configurou historicamente a identidade brasileira para o que nos referiremos aos estudos de Gilberto Freyre e Sérgio Buarque de Hollanda; en segundo lugar,

na forma en que foi divulgada a imaxe do Brasil, de forma xeral, a través das artes e do turismo; e por último, en como se configurou esta imaxe dentro discursos internacionais para o que prestaremos especial atención ás representacións transmitidas por xornais ou revistas.

Unha vez elaborada a parte teórica do traballo, a nosa análise centrarase nas dúas obras que conforman o noso corpus textual. Así, trataremos de ver nos textos que elementos históricos e socioculturais foron usados para construír as representacións sobre o Brasil, e tamén, se estas imaxes e discursos reproducen ou se afastan dos divulgados desde o ámbito nacional brasileiro e desde o exterior.

En relación á metodoloxía, cómpre aclarar previamente varias cuestións. En primeiro lugar, non se pretende neste traballo facer unha valoración das imaxes e discursos sobre a *brasilidade* en función da súa correspondencia ou non coa realidade. O obxectivo, pois, non será o de clasificar como verdadeiras ou falsas, positivas ou negativas estas representacións, senón que a nosa intención será a de procurar a presenza de discursos que xa foron ditos, así como as canles e os axentes que os formularon e as condicións nas que se crearon e reproduciron. En segundo lugar, parécenos necesario indicar que, a pesar de existir unha ampla bibliografía teórica sobre representacións sociais e discursos sobre a alteridade, son poucos os estudos sobre esta cuestión en relación ao Brasil. É certo que abundan análises, relativamente recentes, sobre os procedementos e axentes que participaron de formación da imaxe nacional brasileira, porén, son escasos os estudos centrados de forma específica no papel do márketing turístico nacional na configuración das representacións da *brasilidade*. Se a isto aínda lle sumamos a circunstancia de que os estudos sobre os discursos internacionais en relación ao Brasil non toman en conta, case en ningún caso, estes discursos internos, atopámonos diante dun escenario certamente incompleto. En consecuencia, neste traballo pretendemos partir desde estas dúas perspectivas coa intención de chegar a unha análise o máis completa e obxectiva posible.

Por último, somos conscientes de que o corpus textual que delimitamos ten unha tipoloxía totalmente diferente, xa que por un lado traballaremos cunha novela e, por outro, cun diario de viaxes. Con todo, entendemos que ambos os dous participan da ficción e, para alén diso, comparten un núcleo temático común. A pesar de sabermos que a presenza do Brasil na literatura galega non é novidosa, cómpre sinalar que non atopamos ou non temos coñecemento de análises sobre a súa representación e tratamento dentro do ámbito cultural galego, aínda que si sabemos, pola contra, que existen diferentes traballos en relación á representación de Galiza dentro do ámbito brasileiro coordinados e publicados polo Grupo Galabra³. En consecuencia, todas estas lagoas a nivel metodolóxico e documental obríganos, nalgunha ocasión, a acceder ás formulacións de forma indirecta⁴.

Xa para concluírmos, cabe facer referencia dentro deste marco metodolóxico, a que botaremos man dunha clasificación en campos temáticos (organizada arredor dos conceptos do exótico, do caos, do violento e do sensual), para a análise das representacións dentro do corpus textual, xa que cremos que pode contribuír a unha mellor visualización do tipo de imaxes e discursos.

³ Véxase, por exemplo, o proxecto “Discursos, imaxes e prácticas culturais sobre Santiago de Compostela como meta dos Caminhos”: <https://redegalabra.org/discursos-imagens-e-praticas-culturais-sobre-santiago-de-compostela-como-meta-dos-caminhos/>.

⁴ Este é o caso dalgunhas referencias bibliográficas ás que tivemos que chegar a través doutros traballos

II. MARCO TEÓRICO

Neste capítulo de carácter introdutorio, queremos facer unha breve aproximación a algúns conceptos que serán centrais na nosa análise do corpus textual proposto neste traballo. Así, en primeiro lugar, achegarémonos ao concepto de discurso a través das teorías elaboradas por Michel Foucault e Pierre Bordieu. En segundo lugar, faremos un breve percorrido polos conceptos de representación social e de estereotipo, que serán enfrontados desde dúas perspectivas diferentes: por un lado, desde a psicoloxía cognitiva e social e, por outro, desde o campo dos estudos poscoloniais e da alteridade. Por último, tomando de novo como base os estudos poscoloniais xunto cos estudos feministas, veremos como as marcas de raza, clase, xénero e sexualidade determinan as representacións sociais e os discursos sobre a alteridade.

2.1. SISTEMAS DE SABER/PODER: O DISCURSO E O PODER SIMBÓLICO

Poderíamos pensar que todo discurso que producimos está apenas condicionado pola intencionalidade e circunstancias da persoa emisora, porén, os diferentes estudos feitos desde a perspectiva da Análise do Discurso veñen confirmando a intervención de factores de tipo histórico-político nos discursos producidos dentro de calquera sociedade. Segundo sinala Michel Foucault, a produción discursiva non é aleatoria, senón que está controlada, seleccionada e redistribuída por diferentes procedementos. Todo o control exercido sobre o discurso estaría vinculado ao desexo e ao poder, isto é, non só traduciría as loitas ou sistemas de dominación, senón que sería el propio, tamén, obxecto de loita, como consecuencia de ser o principal condutor do coñecemento. Polo tanto, toda produción discursiva estaría dentro do que Michel Foucault chamou “sistemas de saber/poder” e que, mesmo, exercerían sobre os outros discursos un poder coercitivo (Foucault 1996: 16-17).

O autor dentro do conxunto dos discursos destaca aqueles que están na orixe de novos discursos, que os retoman ou transforman, e que sobre a base da repetición crean conxuntos ritualizados (Foucault 1996: 22-23). Este conxunto crea redes de partilla entre os individuos e,

ao mesmo tempo, define a súa pertenza, no caso de aceptar as regras de conformidade.

As redes de partilla elaboradas polos discursos sustentan sistemas de creación e ordenación da realidade, denominados por Pierre Bordieu como “sistemas simbólicos”, son definidos como estruturas de coñecemento e de comunicación, así como instrumentos de integración social que posibilitan a elaboración dun sentido do mundo social compartido, isto é, dunha “cultura dominante” que contribúe para a reprodución da orde social (Bordieu 1998: 5-11). A transmisión da cultura dominante ou hexemónica estaría nas mans do que Gramsci chama “sociedade política”, encargada da elaboración e transmisión das significacións sociais ou sistemas simbólicos (Gramsci 1981: 182), porén, esta transmisión só será efectiva cando estes significados sexan recoñecidos como arbitrarios, é dicir, cando se convertan en crenza (Bordieu 1998: 15).

2.2. REPRESENTACIÓNS SOCIAIS E ESTEREOTIPOS

Os sistemas simbólicos, en tanto que creadores de coñecemento e, en consecuencia, de cultura, participan tamén na produción de representación da realidade social.

A análise destas representacións foi desenvolvida no campo da psicoloxía social e da socioloxía do coñecemento. O punto de referencia na elaboración da Teoría das Representacións Sociais hai que situalo no pensamento durkheniano, que entendía a acción social como resultado dun conxunto de coñecementos nacido de diversos contextos. Durkheim fala de “representacións colectivas”, determinadas polo seu carácter preexistente ao individuo e que pasarían por un proceso pasivo de partilla con todos os suxeitos do grupo (Durkheim 2000: 35-51). Na década de 60 esta definición das representacións elaborada por Durkheim foi reformulada en 1961 dentro da psicoloxía social por Serge Moscovici. Este autor propón o termo de “representacións sociais” e defíneas como unha forma de coñecemento elaborado e compartido socialmente (Moscovici 1979: 27-33).

Posteriormente, dentro do campo da psicoloxía cognitiva, autores como Denise Jodelet

indican que non só son sistemas de produción de coñecemento, senón que teñen un valor relacional. A autora sinala, tamén, que as dúas principais funcións das representacións serían por un lado, a de guiar ao individuo fronte a informacións complexas, e por outro, axudar a protexer os seus valores, ideoloxías e posición na rede de relacións sociais. A finalidade última que terían as representacións sería, por tanto, “facer que o estraño resulte familiar e o invisible perceptible” (Jodelet 1988: 490). Este efecto de visualización faise principalmente a través de dous procesos fundamentais: obxectivación e ancoraxe. A obxectivación sería o proceso de “axenciamento” dos coñecementos relativos ao obxecto da representación, facéndoos pasar do abstracto ao concreto, mentres que o proceso de ancoraxe sería definido como enraizamento social da representación e do propio obxecto. Para este segundo proceso, sinala a autora un paso intermedio denominado “integración cognitiva” e que pasaría pola necesaria integración orgánica dentro dun sistema de pensamento construído (Jodelet 1988: 481-490).

A psicoloxía cognitiva ocupouse tamén de analizar os estereotipos como tipoloxía especial derivada dos procedementos de obxectivación e ancoraxe das representacións sociais. Walter Lippmann, considerado o fundador da súa conceptualización contemporánea dentro deste campo, definiu os estereotipos como imaxes mentais sobre a realidade caracterizadas por unha certa deformación e caracterizados, fundamentalmente, por unha rixidez e capacidade homoxeneizadora debido a que ocultan a variabilidade e individualidade dos membros doutros grupos (Lippmann 2003: 88-90).

No entanto, a consideración sobre os estereotipos como formas de representación social de carácter fixo e inmutable vai ser matizada por algúns autores a partir da década de 50, xa que se detectou unha modificación nos estereotipos que respondía a un proceso de adaptación dos seus contidos ás novas actitudes liberais (Cabecinhas 2005: 540-542).

Os conceptos de representación social e estereotipo tamén foron amplamente

produtivos tanto dentro do campos dos estudos poscoloniais como da alteridade en contextos coloniais. Nesta liña, imos revisar brevemente como Homi Bhabha ou Stuart Hall utilizaron os estereotipos como base para análise das relacións e representacións raciais.

2.3. DISCURSOS DA ALTERIDADE

O campo de análise do poscolonialismo enfrontou a definición e caracterización dun tipo de discurso especial como é o producido desde e sobre territorios que foron colonizados política e culturalmente. Autores como Homi Bhabha ou Edward Said botaron man do concepto de discurso elaborado por Michel Foucault e concluíron que os discursos sobre o “outro” usan como principal estratexia a representación estereotipada, posto que, coloca unha construción da identidade estática e inmutable. Neste sentido, estes autores retoman a idea do carácter fixo dos estereotipos e defínenos como formas de representación presas que negan a diferenza e que acaban por constituír, desta forma, unha distorsión na representación do suxeito (Bhabha 2013: 117). Para alén destas características, estes autores sinalan outros dous elementos claves que garanten a continuidade dos estereotipos como formas de representación: por un lado, deben o seu éxito na significación á maneira como se articulan en conxunto, isto é, á propiedade de os estereotipos funcionaren acompañados doutros, formando así unha cadea circular e repetitiva; e por outro, a súa perdurabilidade é consecuencia do seu carácter ambivalente, xa que transforman o obxecto representado en algo desexado e, ao mesmo tempo, negado ou rexeitado, e así garanten a súa representatividade en conxunturas históricas e discursivas mutantes (Bhabha 2013: 105-106). Ao lado deste funcionamento circular e de carácter ambivalente, na integración social ou ancoraxe dos estereotipos participan tamén procesos de naturalización ou de “oclusión da preconstruction” (Bhabha 2013: 123) que permiten que o recoñecemento da diferenza sexa obtido como algo natural, como a evidencia do visible (Bhabha 2013: 112). Así, a palabra negaríalle a aquelas/es sobre os que discursa, unha identidade “orixinal” ou “singulariedade” que non teña sido modulada

dentro dese propio discurso.

Porén, Bhabha, en relación á conceptualización dos discursos de Foucault como sistemas de saber/poder, sinala que resulta difícil concibir o proceso de construción do “outro” como suxeito a través do discurso, sen que o axente produtor do discurso estea tamén colocado no seu interior (Bhabha 2013: 112-113). Esta proposta parte dunha idea de circularidade inspirada no modo en como se constrúen socialmente os significados e as diferenzas. Así, neste mesmo sentido, Todorov entende que “cada un dos outros é un eu também, suxeito como eu. Somente meu ponto de vista, segundo o qual todos estão lá e eu estou só aqui, pode realmente separa-los e distingui-los de mim” (Todorov 1999: 7). Polo tanto, todos os axentes implicados dentro do proceso de produción do discurso serían participantes ou estarían “capturados dentro del”, aínda que non en termos de igualdade (Hall 2010: 433).

Tendo todo isto en conta, o concepto de discurso sobre a “alteridade” vai ser central dentro da análise proposta por este traballo, así que aínda que neste capítulo facemos unha referencia superficial ao seu significado, procesos e campo de análise dentro dos estudos sobre representacións sociais, será desenvolvido con maior detalle no terceiro capítulo en que faremos unha breve introdución aos discursos producidos sobre o Brasil.

2.4. INTERSECCIONALIDADES: XÉNERO, RAZA E SEXUALIDADE COMO MARCADORES DA ALTERIDADE

Pasados os primeiros momentos en que os estudos sobre as mulleres estaban pensados para emendar a súa situación e reinstauralas na historia, ou mesmo entendelas psicoloxicamente, fíxose evidente para o campo do feminismo a necesidade de estudos que explorasen as consecuencias do que Spivak denomina “heteronormatividade reprodutiva”. A través deste concepto, a autora pretende dar visibilidade á existencia dunha institución ou

discurso, dos máis antigos e estendidos, baseado nas diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes e que ten como obxectivo a lexitimación e reprodución de parámetros de dominación (Spivak 2010: 18).

Segundo sinala Diane Lamoureux, durante a Modernidade os procesos de creación da identidade diferencial das mulleres estivo asentada en tres elementos fundamentais de tipo excluín-te: un elemento diferencial construído sobre o principio de pertenza a unha categoría de sexo, un proceso de naturalización da diferenza con base en características biomorfolóxicas e por último, a creación de espazos de exclusión separando o dominio público do privado, ficando as mulleres excluídas no segundo. Polo tanto, existiu un proceso de inclusión das mulleres, mais a través da súa pertenza específica de sexo, ficando así reducidas á categoría de “suxeito ontolóxico” (Lamoureux 2010: 49).

En consecuencia, fíxose urxente para o campo dos estudos do feminismo desarticular todos os elementos que fan parte desas “políticas de identidade homoxeneizadora” ou do que Spivak chamou “esencialismo estratéxico” (Yuval-Davis 2010: 79) a través dunha análise sobre a diferenza sexual, dos seus efectos e contradicións co obxectivo de desnaturalizar categorías como sexo, suxeito ou xénero, sempre vinculadas ao que poderíamos chamar “construto muller”. Neste sentido, unha das propostas máis destacadas foi a de Judith Butler que retoma a idea de Simone de Beauvoir, quen entendía o xénero como unha construción social, para discutir non só a categoría de xénero, senón tamén a de sexo ao sinalar que as dúas son resultado dunha construción cultural. Judith Butler entende, pois, que o xénero non é resultado do sexo nin dunha estrutura fixa, senón que son significados culturais que asume o corpo sexuado, isto é, son medios discursivos e culturais (Butler 1999: 34-35). Por outro lado, o xénero, en canto que construción cultural, non sempre se establece de maneira coherente ou consciente en contextos históricos distintos xa que interactúa con modalidades raciais, de clase, étnicas e sexuais e resulta imposible desvinculalo das interseccións nas que se produce

e mantén (Butler 1999: 28-29).

Nesta liña, dentro dos estudos poscoloniais e da alteridade sinalouse o peso do concepto de *biopoder*, proposto por Foucault, e definido como un proceso de control político sobre o corpo e a vida da poboación, con orixe xa no século XVII, e que tiña como obxectivo regulamentar as relacións entre os individuos e construír un corpo nacional homoxéneo e que ten inicio xa no século XVII (Foucault 1989: 168-170).

A pesar de que os estudos poscoloniais e da alteridade teñan destacado o papel fundamental da raza como elemento racionalizador dentro do proceso de construción das nacións europeas, autoras como Mara Viveros Vigoya ou Adriana Piscitelli sinalan que, poucos estudos tiveron en conta a importancia do xénero e da sexualidade como elementos explicativos e estruturadores das relacións raciais en contextos de colonización (Piscitelli 1996: 10). Así, o colectivo norteamericano do Rio Combahee⁵, consciente deste déficit, foi o primeiro en colocar enriba da mesa a posibilidade de analizar as categorías de xénero, raza, sexualidade e clase de maneira interrelacional (Expósito 2012: 208).

As primeiras conceptualizacións neste sentido por parte dos estudos feministas foron de base analóxica. A comparación entre a dominación sexual e a racial foi un punto de partida chave para chegar a entender como os mecanismos de exclusión funcionaban case de maneira equiparable entre xénero e raza. Porén, diferentes estudos como os Mariza Correa (1996), Jean-Marie Collins (2008) ou Adriana Piscitelli (1996) destacaron a “sobredeterminación” sexual sobre a que se construíron as categorías raciais, ou como a diferenza racial foi moldeada a partir do xénero e este xunto con raza, configuraron a clase. Neste sentido, Mara Viveros Vigoya apunta dous mecanismos de funcionamento compartidos entre os discursos sobre a raza e a sexualidade: naturalización das categorías de xénero e raza para xustificar e

⁵ Grupo feminista negro con orixe en Boston. O seu nome naceu da acción guerrilleira inventada e dirixida por Harriet Tubman el 2 de xuño de 1863 e que liberou a máis de 750 escravos en Port Royal no estado de Carolina do Sur.

reproducir as relacións de poder, e asociación da realidade “corporal” á realidade social (Viveros 2010: 5). Dentro deste marco de análise algunhas autoras feministas botan man do concepto de “racialización”, entendido como un dos efectos dos procesos de desigualdade que opera a través das marcas corporais para articular a exclusión social.

No contexto latinoamericano a mestizaxe podería ser considerado o elemento que mellor representa este cruzamento entre raza, xénero e sexualidade, no entanto, só a partir da década de 90, coa publicación do estudo de Verena Stolcke, *Racismo y sexualidad en la Cuba colonial* (1992), foi tomada en conta a mestizaxe como articuladora de identidades diferenciadas e tamén de desigualdades.

Xa para rematar, notamos como as categorías de raza, xénero, sexualidade e clase social, deben ser tomados en conta en canto que elementos estruturadores esenciais de identidade e das representacións sociais, especialmente en contextos poscoloniais como no que nos situaremos neste traballo. Por esta razón, estas categorías e o seu funcionamento interseccional van ter un papel fundamental dentro da análise que faremos a seguir sobre o proceso de construción da identidade brasileira. O obxectivo do seguinte capítulo será, pois, entendermos cales foron as estratexias de representación e os mecanismos discursivos que participaron na elaboración da denominada *brasilidade*. Neste sentido, parece necesario asentar este percorrido sobre dúas perspectivas básicas: nunha perspectiva interior, centrándonos nos discursos nacionais, como tamén nunha perspectiva externa, desde a que analizaremos os discursos e as representacións dentro do ámbito dos medios de comunicación internacionais.

III. “O QUE FAZ O BRASIL, BRASIL?”⁶: DISCURSOS SOBRE A BRASILIDADE

Neste capítulo faremos un pequeno percorrido polos discursos e representacións sobre Brasil e a identidade brasileira, que etiquetaremos baixo o nome *brasilidade*. A análise será feita, como xa sinalamos, a partir dun punto de vista tanto interno como externo.

Joachim Michael Krones establece tres sentidos desde os que é construída a *baianidade* que cremos poden ser alargados para entendermos mellor como se formou a identidade colectiva brasileira: en primeiro lugar, a *brasilidade* foi construída desde arriba cara a abaixo, isto é, os axentes principais na súa modulación e difusión serían as elites brasileiras que a través da produción dunha imaxe prototípica proporcionaron unha ilusión de consenso e harmonía ao conxunto da poboación como un todo “nacional”; en segundo lugar, a identidade viría proxectada desde fóra cara dentro ao formarse de maneira contrastiva e referencial. É preciso aclarar que Krones non se refire neste punto a uns axentes de orixe externa como promotores da *brasilidade*, senón a que os parámetros básicos na construción das identidades parece que son de tipo diferencial, isto é, que se activan en contraste con outras identidades. Por último, as identidades nacionais son creadas de atrás cara adiante, posto que, xoga un papel central o proceso de proxección de intereses actuais sobre un pasado considerado como ideal (Krones 2007: 11).

Un factor central dentro da creación da identidade brasileira é o que Gustavo Lins Ribeiro denomina “tropicalismo”, e que funciona como a matriz a partir da que se define o modo de representar a pertenza ao Estado-nación brasileiro. Esta matriz, como el a denomina, estaría aceptada tanto polas elites así como tamén polas clases medias e populares, e suporía a produción de imaxes, tanto por parte de “tropicais” como de “non tropicais”, constituíndose desta maneira unha metanarrativa que daría orixe a unha multiplicidade doutros discursos (Ribeiro 2002: 177-190).

⁶ Tomamos aquí prestado o título do ensaio sobre a identidade brasileira *O que faz o Brasil, Brasil?* do antropólogo Roberto DaMatta e publicado en 1986.

Cómpre destacar que Ribeiro Lins entende que o concepto de “tropicalismo” está estreitamente relacionado co “orientalismo” proposto por Edward Said no seu famoso ensaio do mesmo título publicado en 1978, pois, para el, ambos conceptos parten dunha base “eurocéntrica” na elaboración do coñecemento sobre o outro. Neste sentido, Said define “orientalismo” como un corpo de teoría e práctica, con orixe en Occidente e orientada tamén cara a el, que elabora unha idea sobre Oriente baseada na esencialización (histórica e ahistórica) e na obxectivación do outro. Segundo o autor, o seu funcionamento está caracterizado principalmente por dous factores: en primeiro lugar, pola influencia no discurso posterior, condicionándoo e limitándoo, debido a unha capacidade de mantemento a través da transmisión xeracional e, en segundo lugar, por unha capacidade de crear unha conciencia xeopolítica, ao pasar a facer parte dunha dimensión máis da cultura e políticas modernas (Said 2003: 25-35).

Ribeiro Lins equipara tanto as características de funcionamento como os recursos representacionais do orientalismo coas do tropicalismo, xa que ambos os dous son unha reprodución revisada de discursos e valores da dominación colonial. Así, se para Edward Said o orientalismo daría lugar a un suxeito “oriental orientalizado” (Said 2002: 140), para Ribeiro o tropicalismo sería o mecanismo de formación do “tropicopolitano”, termo creado por Snnivas Arauamudar no ensaio *Tropicopolitans: Colonialism and Agency* (1999), e que fai referencia a un suxeito colonizado que existe, ben como construción ficticia do discurso colonial, ben como suxeito real residente do espazo tropical (Ribeiro 2002: 190).

Veremos a seguir como o discurso do tropicalismo e o suxeito “tropicopolitano” se construíu dentro do discurso nacional brasileiro, principalmente durante o século XX, así como tamén veremos as estratexias de reforzamento e divulgación activadas dentro do sector do turismo e dos medios de comunicación internos e externos.

3.1. BRASIL DE DENTRO A FÓRA: DISCURSOS NACIONAIS

O Brasil, da mesma maneira que as nacións europeas, pasou durante o século XIX por un profundo debate sobre os elementos que deberían compoñer a súa identidade nacional. Buscando definir esta identidade e historia colectiva, foi convocado en 1844 por parte do Instituto Histórico e Geográfico Brasileiro (IHGB) un concurso sobre “Como escribir a historia do Brasil”. O gañador do certame foi o naturalista bávaro Carl Friedrich Philipp von Martius, que definiu o país a partir da metáfora dun río composto por varios afluentes que simbolizaban cada unha das tres “razas” presentes no país: o máis caudaloso sería o branco, o menos profundo o indíxena e o negro sería “quase un riacho” (Swcharcz 2012b: 21). O feito de que esta proposta baseada na mestizaxe gañase o concurso supuña unha aposta por unha narrativa nacional que contestaba os discursos de orientación determinista e do darwinismo racial que entendían a mestizaxe como unha forma de contaminación da identidade nacional (Swcharcz 2012b: 20).

3.1.1. “Os cociñeiros”⁷: cordialidade, mestizaxe e tropos tropical

Na década de 30 do seguinte século recuperouse de novo a teoría dos tres afluentes do naturalista alemán Carl von Martius, e consolidouse unha imaxe positiva do país a través dos traballos de intelectuais como Gilberto Freyre ou Sérgio Buarque de Hollanda. Porén, estas novas ideas no quedaron no ámbito académico, senón que foron popularizadas a través de política públicas, especialmente do turismo como veremos, e dos medios de comunicación (Bignami 2002: 95).

Sérgio Buarque de Hollanda elaborou unha teoría sobre a orixe e composición do carácter brasileiro que situaba a súa base nas características do colonizador. Resultado desta herdanza foron algúns dos elementos centrais que el atribúe ao carácter brasileiro: a “tibiaza

⁷ Tomamos prestado o título dun dos apartados do traballo de Alfonso (2006).

das formas de organización” (Hollanda 1995: 36-40); a “repulsa a toda moral fundada no culto ao traballo”, que facía predominar o tipo social do “aventureiro” fronte ao do traballador; a “ausencia do orgullo de raza” debido ao que el chama “plasticidade social do colonizador” e que fixo que a presenza dos escravos actuase como “disolvente de calquera idea de clase ou raza”, aínda que, a súa influencia tamén colaborou para unha actitude social marcada pola “moral das senzalas” e “negadora das virtudes sociais e narcotizante da enerxía produtiva” que imperou na administración, na economía e nas crenzas relixiosas (Hollanda 1995: 50-72); e, por último, a figura do “homem cordial” que dotaría as relacións sociais dun “fondo emotivo” dunha intimidade nas prácticas relixiosas (Hollanda 1995: 159-179).

Nunha mudanza de foco desde o biolóxico cara ao cultural, Gilberto Freyre en *Casa grande e senzala* (1933), coloca a mestizaxe como o grande elemento constitutivo da identidade brasileira. Tal e como viamos en Buarque de Hollanda, Freyre tamén sitúa a orixe da identidade brasileira no período colonial e defende que o carácter dos portugueses e o tipo de colonización foron elementos chave para o proceso de mestizaxe que, por súa vez, posteriormente representaría un factor determinante do ser brasileiro, así como tamén na conceptualización do país como unha “democracia racial” (Freyre 2006: 66-69). Neste sentido, o autor entendeu a mestizaxe como activadora dun modelo particular de sociabilidade e tolerancia dentro das relacións sociais no Brasil. Xunto a isto, tamén foron considerados centrais na formación identitaria do país outros elementos como a alegría innata ou a musicalidade, de forte influencia africana e representadas polo samba e a figura da mulata. Estes elementos virían vestidos por un intenso colorido, por olores, sabores, así como por unha paisaxe exótica (Alfonso 2006: 11-21).

3.1.2. Os divulgadores: o “Estado Novo” e a Embratur como formadora de identidades

Boa parte destas ideas foron usadas por diferentes gobernos brasileiro e polo mercado do turismo para construír a imaxe nacional que querían exportar. Na década de 30, durante o goberno militar de Getúlio Vargas (1930-1945), creouse o Departamento de Imprensa e Propaganda (DIP) que contou cunha división de turismo. Conforme o decreto lei que lle deu orixe, o principal obxectivo deste novo órgano sería o de centralizar e coordinar a propaganda nacional interna e externa, así como tamén as manifestacións lúdicas e turísticas, para o que “os técnicos utilizaram-se de todos os motivos de beleza e de sedução, dos aspectos naturais e da creación do gênio humano para atrair o forasteiro⁸”. Baixo esta premisa apareceron as primeiras campañas promocionais cara o exterior con folletos e revistas como “Travel in Brazil” onde se destacaba a imaxe de mulleres e da natureza exótica como principais puntos de atracción do país. Posteriormente, na década de 60, vai ser definida a Política Nacional de Turismo coa creación en 1966 do Conselho Nacional de Turismo e da Empresa Brasileira de Turismo (Embratur) que vai ter un papel destacado no proxecto de integración nacional a través da creación dunha conciencia colectiva. Porén, a proxección internacional da “marca Brasil” como produto turístico só se vai iniciar de forma efectiva durante a década de 70 co impulso por parte do goberno de Emílio Médici (1969-1974) de campañas de crecemento e modernización do país. Neste momento créanse os primeiros materiais relativos ao Carnaval e á imaxe do Rio de Janeiro co Cristo Redentor que serán difundidos a través de revistas como “Rio, samba e Carnaval”. O Carnaval vai ser vinculado a partir de aquí á alegoría da “democracia racial” de Freyre e simbolizado a través da figura a mulata e do samba (Alfonso 2006: 89). Ao lado da divulgación da imaxe da cidade do Rio, as empresas turísticas van lanzar campañas de promoción rexional dentro das que o Estado de Bahia vai ser pioneiro. O protagonismo da Bahia como foco turístico será esencial nos anos 80 coa explotación da idea

⁸ *Cultura Política. Revista Mensal de Estudos Brasileiros*. Departamento de Imprensa e Propaganda, ano IV, n. 47, decembro de 1944, 173.

de *baianidade*, producida desde os anos 50, mais que agora tomará forza coa transformación da cidade de Salvador en centro industrial e foco turístico (Meira 2015: 25). A imaxe de sol, praia e mulleres sensuais vai chegar aos seus máximos índices de explotación durante estes anos coa activación de campañas como “Nordeste, sempre verão” ou “Mulher, a maior atração” (Afonso 2006: 96).

Porén, a partir da década de 90 coa aprobación dun novo Plano Nacional de Turismo (1992-1994) vanse ir abandonando progresivamente elementos que foran de alta rendibilidade simbólica como o fútbol, o Carnaval, o samba e a imaxe da mulata como consecuencia do aumento do turismo sexual que se converte nun problema nacional, e comezase a promocionar un tipo de turismo alternativo centrado no rural, no relixioso ou no turismo de aventura para romper co “antigo estigma de praia, mulleres, Carnaval” (Alfonso 2006: 108). Con todo, aínda que a figura sensual das mulleres sensual será minimizada, non desaparecerá completamente e, ademais, nestes anos, a imaxe dun país violento e pobre tamén vai entrar de forma decisiva no imaxinario internacional, moi especialmente asociada á cidade do Río a partir da publicación na revista americana “Time” dunha reportaxe na que se incluía a cidade dentro da “lista negra” do turismo mundial.

3.2. BRASIL DE FÓRA PARA DENTRO

Indicabamos no inicio que o *tropicalismo* ten un poder estruturador de metanarrativas e viamos como todo o discurso sobre a identidade nacional brasileira estaba construído de forma transversal a través da idea da mestura racial e cultural, así como tamén do exótico.

3.2.1. O Brasil dos colonizadores

A xénese do discurso “tropicalista” pode situarse segundo Gustavo Ribeiro Lins en fontes externas, concretamente, nas narrativas coloniais. Así, o primeiro texto que crea a

imaxe do Brasil no imaxinario externo é a carta de Pero Vaz de Caminha, texto escrito en 1500 e que anticipa o tropo “tropical” que posteriormente será recollido tanto polo discurso nacional brasileiro como polos discursos vindo desde fóra do país (Ribeiro 2002: 179). Segundo Marilena Chauí están presentes na carta tres signos de exotismo ou relativos ao paraíso: referencia á abundancia, clima propicio e xente simple e inocente (Chauí 2001: 62-63), tal e como vemos nas seguintes liñas:

Todavia segundo os arvoredos são mui muitos e grandes, e de infinitas espécies, não duvido que por esse sertão haja muitas aves! (...). Há lá muitas palmeiras, de que colhemos muitos e bons palmitos (...), Águas são muitas; infinitas. Em tal maneira é graciosa que, querendo-a aproveitar, dar-se-á nela tudo; por causa das águas que tem!
(Caminha 1997: 39-51)

Desta forma, os relatos dos primeiros viaxantes e misioneiros ofreceron as primeiras coordenadas para o proceso de creación dunha identidade exótica e destacaron sempre a idea dun Brasil sensual e mesmo cheo de pecados (Sacramento 2013: 229). Autores como a xa citada Marilena Chauí ou Tzvetan Todorov indican que as primeiras viaxes non traen para Occidente só novas mercadorías ou saberes, senón que tamén traen novos significados e simboloxías como, por exemplo, a recreación do “paraíso terrenal”.

As narrativas destes primeiros viaxantes, especialmente as relativas á carta de Pero Vaz de Caminha, foron apropiadas polo discurso nacional e polo márketing publicitario que, ademais, as dotou de novos significados que redefiniron dalgunha forma os sentidos da *brasilidade* (Sacramento 2013: 24). En consecuencia, veremos a seguir que tipo de imaxes divulgan os medios de comunicación externos e se acompañan ou non o camiño percorrido polos discursos identitarios nacionais dentro de Brasil.

3.2.2. O Brasil brasileiro⁹

Entre 2008 e 2015 María Badet analizou a cobertura mediática de Brasil en España e concluíu que maioría das noticias recollidas e analizadas transmiten unha imaxe de carácter “tropicalista” e, así mesmo, están asociadas a un imaxinario erotizante e sensual das mulleres. Neste sentido, no traballo de Badet destácanse exemplos tan significativos como o da revista “El País Semanal” que en 2009 titula un artigo “Cuerpos a la brasileña” (Badet 2016: 66).

No seu traballo *Periodismo e imaginarios*, publicado en 2015, inclúe tamén un amplo estudo sobre apropiación de contidos mediáticos sobre Brasil por parte de mozos de entre 14 e 16 anos. Os resultados desa investigación indicaron que as temáticas relativas a Brasil que prevalecían entre a xente moza eran coincidentes coas temáticas das materias sobre o país divulgadas polos medios de comunicación. Así, notou unha forte presenza de temas de tipo cultural como o samba ou o carnaval, vinculados nunha alta porcentaxe ao corpo das mulleres, de tipo deportivo como o fútbol ou de tipo ambiental como a praia, entre os tópicos máis mencionados entre a mocidade entrevistada (Badet 2016: 69-71).

Nesta mesma liña de apropiación de contidos mediáticos sobre Brasil na configuración e lexitimación de imaxinarios, Teixeira Lisboa no seu traballo de campo presenta os resultados dun cuestionario aplicado no ano 2006 a adultos de entre 40 e 55 anos en tres cidades de Portugal. No estudo de Lisboa detéctase unha coincidencia case total, desde un 90 a un 100%, entre a maneira como as persoas entrevistadas imaxinan Brasil cos contidos transmitidos por medios de comunicación como a televisión e dentro destes imaxinarios destaca especialmente a frecuencia dos relativos á violencia (Lisboa 2011: 11).

Para alén destes dous estudos, resulta de especial interese para este traballo a investigación feita por Ivan Paganotti en 2007. A análise de Paganotti está composta por 1244 textos de diferentes xornais internacionais como “The New York Times”, “El Mundo”,

⁹ Referencia ao famoso samba “Aquarela do Brasil” composto en 1939 por Ary Barroso e interpretado por diferentes artistas como Carmen Miranda, Gal Costa ou Caetano Veloso.

“Diário de Notícias” ou “The Guardian”, entre os anos 2002 e 2005. Os resultados foron organizados en catro bloques temáticos que representarían diferentes tipos de imaxes comúns ou estereotipos sobre Brasil: “Brasil verde” onde colocou contidos relativos á exaltación da beleza natural da paisaxe; “Brasil lama”, no que incluíu textos sobre corrupción política, subdesenvolvemento e pobreza endémica, todos relacionados sempre coa violencia; “Brasil de sangue”, con textos cun enfoque principal sobre violencia, vinculada tamén ao tráfico de drogas, e que causa, polo tanto, un escenario de inseguridade xeral; e por último “Brasil de plástico”, onde inclúe textos relacionados coa temática da festa, do carnaval e da liberdade sexual. O autor conclúe que “case unha de cada tres reportaxes presenta unha estrutura representativa simplificadora” (Paganotti 2007: 8). Para alén de contabilizar a frecuencia de repetición dos diferentes tópicos, o autor tamén analizou a súa porcentaxe de transformación. Salienta, pois, que entre os tópicos máis repetidos, e polo tanto menos modificados, destacan a corrupción, a incompetencia, o exotismo, a sensualidade, o samba e o carnaval, a beleza natural, a cordialidade, a pobreza, as drogas, o crime e a inseguridade (Paganotti 2007: 7-9).

Notamos, pois, como a pesar de que os discursos relativos á identidade nacional con orixe interna foron modificados, especialmente durante a década de 90, as narrativas externas parece que continúan ancoradas nun número limitado de tópicos. Mentres as políticas de márketing turístico e a intensa actividade crítica por parte do mundo académico e do xornalismo brasileiro marcaron un camiño que prevía unha revisión dos tópicos do exotismo, da “democracia racial”, do país como marca do carnaval e das festas e da mulleres como símbolo de sensualidade, os medios internacionais, segundo os datos ofrecidos por diferentes investigacións e extraídos neste traballo, continúan a alimentar, aínda que con variantes, un discurso centrado nun Brasil *tropicalista* que practicamente xa non coincide cos imaxinarios internos e que, cando menos, é discutido desde diferentes ámbitos.

O seguinte capítulo estará centrado xa na análise dos textos literarios que forman o

corpus do presente traballo. O obxectivo principal será detectar os discursos sobre a brasilidade presentes nese corpus e ver en que punto son coincidentes, mesmo debedores, ou diverxentes das narrativas sobre a identidade brasileira que fomos revisando até o momento. Coa intención de facilitar a abordaxe metodolóxica desta tarefa, faremos uso das categorías presentes no traballo de Ivan Paganotti (2007) que lle serviron de apoio para agrupar as diferentes imaxes proporcionadas por diferentes xornais internacionais sobre Brasil e, así, estableceremos as seguintes categorías: “Brasil verde”; “Brasil lama”; “Brasil de sangue” e “Brasil de plástico”.

IV. DISCURSOS SOBRE BRASIL EN XAVIER BAIXERAS E IOLANDA ZÚÑIGA

Neste capítulo analizaremos como as imaxes sobre Brasil se configuran nas narrativas dos dous autores en foco, Xavier Rodríguez Baixeras e Iolanda Zúñiga, e que tipo de percorrido tiveron, en función da súa orixe e divulgación. Para facer esta aproximación botaremos man, como xa indicamos, da clasificación proposta por Iván Paganotti (2007), con todo, a pesar de usarmos esta clasificación non estamos querendo situar a orixe da formación deste imaxinario ou destas representacións nos medios de comunicación internacionais, xa que, como sinala Bignami (Bignami 2002: 67-70), iso significaría esquecer por completo que o Brasil pasou por un proceso de construción identitaria da mesma forma que o resto de comunidades e, por tanto, estaríamos caendo nunha simplificación. Por outro lado, o feito de tomarmos como base esta clasificación non significa que nos vaiamos axustar a ela de forma ríxida, polo que, introduciremos tamén algúns matices que nos serán de utilidade para unha mellor análise. Iniciamos, así, a nosa análise coa primeira categoría: “Brasil verde”, mais, non se antes presentar un breve perfil dos autores e obras que compoñen o noso corpus textual.

4.1. UN BREVE PERFIL DAS OBRAS E OS SEUS CREADORES

4.1.1. Xavier Rodríguez Baixeras

Fillo de cataláns e neto, por parte de pai, de galegos, Rodríguez Baixeras, naceu en Tarragona en 1945. A súa vida transcorrería por diferentes puntos entre Galiza e Cataluña, para acabar trasladándose a finais dos anos 70 á cidade de Vigo. Parecería que o percorrido vital do autor non resulta de especial relevancia, porén, conforme el mesmo sinala na nota biográfica do seu perfil na antoloxía *Poesía galega consultada* coordinada por Arturo Casas, “o carácter híbrido da miña orixe e a cambiante vida posterior son fenómenos que acaso se poidan advertir na miña poesía” (Casas 2003: 443), e poderíamos engadir nós que tamén na súa narrativa.

Así, como a súa andaina vital, a súa obra tamén transcorreu entre Cataluña e Galiza. Publicou o seu primeiro poemario, *La ciudad sumergida*, en 1971 para chegar unha década despois á poesía galega con *Fentos no mar* (1981). Cunha produción continua no tempo publicou diferentes poemarios como *Visitantes* (1991 – Premio González Garcés), *Nadador* (1995- Premio da Crítica Galega), *Eclipse* (2001- Premio Losada Diéguez) ou *O pan da tarde* (2015), entre outros. A súa obra inclúe tamén algunha produción ensaística, narrativa e de tradución que merece ser mencionada. En 2004 publicou *Diario de comidas*, en 2009 *Bos tempos para a lírica: a xeración dos 80*, unha reflexión desde o interior da xeración na que a crítica encadra a súa produción poética, e finalmente, en 2011 *Brasil no centro*, unha das obras na que centraremos a nosa análise neste traballo. En 2012 foi homenaxeado en Ribadeo pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).

Para definir a obra deste autor parécenos axeitada a reflexión que Luciano Rodríguez fai no limiar ao seu poemario *Deserto Diamantino*: “a obra de Baixeras constrúese abrangendo lugares de memoria, ámbitos familiares, vivencias compartidas e xeografías persoais-sentimentais, definicións constatábeis e válidas para toda a súa creación” (Rodríguez 2010: 11).

Desta maneira, con *Brasil no centro* (2011) preséntanos un diario de vida en Salvador de Bahia nun espazo temporal que vai desde 2006 a 2009 e durante o que se define como “outro” “non por mudanza de xorne ou de pensamento, senón porque o simple feito de habitar outro clima e ambiente (...) parece xerar un novo ser”. Temos, pois, dentro desta obra, de difícil encadramento xenérico como sinala Álvarez Cáccamo, un conxunto de estampas, e de “impresións de viaxe, lembranzas da historia persoal, reflexións sobre o acto creativo, confidencias de transparente e xenerosa comunicación” (Cáccamo 2011: 148) que, segundo sinala o propio Baixeras, non pretender ser unha guía, senón “confusa epifanía, simple –e pasmado- contacto inaugural” (Rodríguez 2011: 9).

4.1.2. Iolanda Zúñiga

Viguesa, nacida en 1975, publicou a súa primeira obra en 2007, *Vidas pos-it*, libro de relatos que tivo un proceso de produción demorado xa que comezou a escribilo en 2003, durante o tempo que lle quedaba entre o traballo e o lecer. Despois da publicación do poemario *Amor Amén* (2008), mudou o xénero e publicou en 2010 a súa primeira novela, *Periferia*, pola que recibiu o *Premio Xerais* dese ano.

Iolanda Zúñiga iniciou o proceso de produción de *Periferia* en 2008, momento en que decidiu abandonar os dous traballos que tiña e viaxar a São Paulo onde realizou durante un mes un traballo de observación e pesquisa. O impacto que este traballo de campo produciu na autora foi o motor estilístico do romance, definido polo xurado do *Premio Xerais* como un paso adiante na renovación da narrativa galega pola temática e polo estilo, caracterizado pola multiplicidade de voces e que levou a que a obra fose definida como un “macrotexto polixenético” polo crítico Manuel Rodríguez Alonso (Rodríguez, 2010).

O interese polo espazo brasileiro, conforme ela explica durante a celebración da entrega do *Premio Xerais* de 2010, nace a través do descubrimento do movemento Hip Hop das periferias brasileiras. Esta influencia musical dará forma á novela que está estruturada como un disco, con nove cortes ou capítulos e un *bonus track* e cun estilo inspirado no ritmo musical do rap xa que como a autora sinala: “a música é o 20% da novela, (...) Sírnome de letras de rap, MPB ou samba para narrar a historia, sen pausa e con afogo, tentando recrear a claustrofobia de vivir en idénticas circunstancias ás dos personaxes” (Nicolás, 2010).

Esta é unha das razóns polas que resulta difícil encaixar *Periferia* dentro dun xénero narrativo ou delimitar onde comeza a narración ficcional e onde o ensaio. Con todo, é posible entrever entre as súas 500 páxinas a historia de Luciana, moradora da periferia sur de São Paulo, que despois de ter traballado en diferentes empregos precarios, toma a decisión de entrar a facer parte da rede do tráfico de drogas no seu barrio, da que terminará tomando o

control. A obra foi cualificada como o retrato das ruínas da cidade (Martínez, 2010), das cinzas que deixa a destrución provocada pola maquinaria do capitalismo. A periferia sería todo o que queda fóra do sistema, un espazo condenado à invisibilidade, mais que, cando emerxe, representa un perigo para o lado da metrópole iluminado polas luces do sistema de consumo.

4.2. BRASIL NOS TEXTOS

4.2.1. BRASIL VERDE

Comezaremos neste primeiro apartado analizando o grupo que Paganotti denomina “Brasil verde”, dentro do cal este autor anota como as imaxes máis frecuentes: a depredación ambiental, a natureza exótica ou a terra sen lei, entre outras. Tamén, segundo sinala este autor, a caracterización deste “Brasil verde” móvese entre dous pólos opostos, un positivo no que se representaría un país exótico e que sería a imaxe máis antiga e de maior continuidade no tempo, e un negativo centrado na depredación ambiental e a polución, unha representación que sería actualmente a máis activa. Xunto a estes tópicos, parécenos tamén necesario tomar en conta outro elemento como é a representación das mulleres brasileiras.

Xavier Rodríguez Baixeras inicia o percorrido por terras brasileiras na súa novela *Brasil no centro* coa descrición da cidade de São Paulo. Esta cidade está caracterizada como espazo “trepidante”, cheo de polución e de “condutos entupidos” (Rodríguez 2011: 34-35), unha descrición que coincide no fundamental coa proporcionada por Iolanda Zúñiga en *Periferia* xa que nos fala dunha cidade onde “os edificios de cor abandono xorden como a mala herba. Amoreados. Irrespectuosos” (Zúñiga 2010: 47) e que vive a unha velocidade trepidante na que “os habitantes do asfalto son arrojados a unha velocidade de infracción segura”, un ambiente que, como veremos, vai ser pano de fondo durante toda a novela (Zúñiga 2010: 48). No entanto, aínda que Zúñiga sitúe a acción nalgún momento fóra de São

Paulo, por exemplo en Salvador, non se detecta a presenza dun “Brasil verde” dentro das descrições ofrecidas pola autora, senón que, polo contrario, o que predomina é un ambiente caótico que entraría mellor dentro da clasificación do “Brasil lama”.

Fronte a esta São Paulo caótica e degradada, Baixeras preséntanos nun primeiro momento a cidade de Salvador como un lugar agradable, “cun ventiño mareiro” e cualificada de “despaciosa” (Rodríguez 2011: 34-35).

Cómpre detérmonos aquí sobre o discurso do carácter “despacioso”, tantas veces asociado á cidade de Salvador e, de modo xeral, á forma de comportamento da poboación brasileira. No final da década de 90 Elisete Zanlorenzi, doutora en antropoloxía pola Universidade de São Paulo, explicou na tese *O mito da preguiça baiana* que esta característica, que a autora denomina “malemolencia”, pasou a facer parte da construción discursiva da *baianidade* na segunda metade do século XX coa entrada de Salvador dentro do proceso de industrialización. Este proceso de reestruturación económica produciu unha mudanza na dinámica social xa que colocou en conflito as prácticas sociais tradicionais e as que marcaba o sistema económico do capitalismo. Ademais, a autora engade que, máis alá desta circunstancia socioeconómica, esta característica estaba fortemente asociada a un determinismo xeográfico que vinculaba clima, paisaxe e comportamento. O mantemento destas asociacións, estaría pois, funcionando como máscara dun discurso racial de exclusión (Meira 2015: 28-33).

Por outro lado, como foi sinalado no anterior capítulo, Marilena Chauí fai referencia a tres signos relativos ao paraíso presentes na Carta de Pero Vaz de Caminha que aínda persistirían no imaxinario e discurso actual sobre o Brasil: abundancia, clima propicio e características da xente (Chauí 2001: 62-62). Neste sentido, notamos unha confluencia entre estes tres signos paradisíacos referidos por Chauí e os elementos que participan nas descrições sobre a paisaxe brasileira feitas por Baixeras. Así, reparemos en como o autor fala

de Salvador como unha “vasta rexión”, cun “gorolar de augas limpas” e unha “exhuberante flora” na que se ve “a vida como un don” (Rodríguez 2011: 41-42; 151).

Dentro desta mesma liña, en diferentes ocasións Baixeras coloca o corpo feminino como un elemento máis da natureza que está describindo, transferindo, desta maneira, o carácter exótico ou exhuberante da natureza á caracterización física. Na descrición da paisaxe da Ilha de Itaparica preséntanos un lugar cheo de “praias inmensas e idílicas, corpos lindos, bo peixe (...)” (Rodríguez 2011: 186). Noutra ocasión sitúa no mesmo plano descritivo a “abenzoada calor tropical”, a “foita voluptuosa” e a “rebordante pel escura” (Rodríguez 2011: 58).

Xunto a isto, o autor coloca outras características físicas como o cabelo das mulleres como referencias da vitalidade e espectacularidade da natureza. Así, para o autor, o cabelo das mulleres “é sinal de abundancia e de prosperidade, de vida, en suma”, polo que, “unha muller que se precie debe exhibir unha cabeza fecunda en pelo” (Rodríguez 2011: 148-149). Destaca tamén en relación ao corpo, a ausencia de cabelo e asóciaa a unha imaxe de pureza e inocencia xa que “a muller baiana depilándose axilas e pube, séntese, indubidablemente, máis limpa e máis nena; isto é, máis pura. Tal sensación é transmitida aos varóns” (Rodríguez 2011: 149).

Este discurso que aquí recollemos, ten, pois, un longo percorrido histórico desde a mesma chegada dos primeiros colonizadores a Brasil. Nos seus textos non só describían as características exóticas da natureza, senón que os corpos da poboación tamén son incorporados como unha parte máis desa natureza, tal e como notamos nas seguintes afirmacións de Pero Vaz Caminha: “me parece ainda mais que são como aves ou alimárias monteses (...) porque os corpos seus são tão limpos, tão gordos e tão formosos, que não pode máis ser” (Caminha 1997: 33). En relación ao cabelo das mulleres aínda sinalaba que eran “cabelos muito pretos, compridos pelas espáduas, e suas vergonhas, tão altas, tão cerradinhas

e tão limpas das cabeleiras que, de as muito olharmos, não tínhamos nenhuma vergonha” (Caminha 1997: 21).

Resulta curioso reparar nas similitudes das apreciacións feitas por ambos os dous autores, Caminha e Baixeras, en relación aos corpos das mulleres, a pesar de estaren tan distantes no tempo. Esta asociación entre o corpo das mulleres e a natureza foi recuperada en sucesivos momentos polo imaxinario nacional brasileiro, así por exemplo, nas descrições das personaxes femininas tanto na literatura decimonónica brasileira¹⁰ como na do século XX¹¹. Estes imaxinarios pasaron a ser apropiados pola industria turística a partir da década de 30, que elaborou diferentes produtos como as postais do Departamento de Imprensa e Propaganda nas que se reproducía a imaxe de diferentes mulleres xunto a elementos da fauna e flora tropical.

Fronte a este pólo “paradisiaco” no discurso sobre a paisaxe brasileira, aparece nos textos de Baixeras tamén un lado negativo, configurándose, desta maneira, un punto de paso entre o “paraíso” e o “inferno”. A paisaxe idílica que se nos amosa no inicio de *Brasil no centro* vaise ir modificando en diferentes ocasións, véndose afectada pola acción humana, especialmente como consecuencia da polución ambiental. Así, por exemplo, coa chegada do verán e das altas temperaturas, as praias e manglares, descritas como cheas de augas verdes e vivas, van desaparecer, de modo que, asistimos ao paso do “que foi esplendor agasalleiro” a “devoración, sopor cáustico” (Rodríguez 2011: 42). Esta mesma descripción tamén aparecerá cando o autor fale sobre a Lagoa de Abaeté onde, segundo el, “antes a auga era marrón e maior o caudal” e actualmente “entrou nun período de degradación” como consecuencia da polución producida polas favelas próximas que “extraen e contaminan a auga” (Rodríguez 2011: 59). Este punto de transición entre un pólo positivo e un negativo aparecerá tamén en

¹⁰ Pensemos nas descrições de Rita Baiana feitas por Aluísio Azevedo en *O cortiço* (1890) ou de Vidinha en *Memórias de um sargento de milícias* (1854) de Manuel Antônio de Almeida.

¹¹ Lembremos as descrições da protagonista da novela de Jorge Amado, *Gabriela, cravo e canela* (1958).

Zúñiga, que nos describe en *Periferia* a transformación dunha paisaxe natural e orixinaria nunha “indíxena esquecida pola modernidade” (Zúñiga 2010: 45).

A percepción sobre os espazos ou realidades descoñecidas vén condicionada en moitas ocasións polas informacións que previamente recibimos sobre elas, polo que, ao entrarmos en contacto con realidades novas, non é infrecuente que retiremos esas informacións e as apliquemos directamente ao que estamos vendo. Este proceso é o Said chamou “actitude textual” (Said 2003: 88) e podería axudar a explicar a confluencia entre as imaxes elaboradas polos autores que estamos analizando e os discursos tradicionais. En consecuencia, tanto Zúñiga como Baixeras, non só describen o Brasil como o ven, senón que tamén está presente no seu discurso a forma en que o viron representado.

Este fenómeno faise evidente no libro de Baixeras no momento no que está describindo o Sertão e se detacata de que “por veces, unha paisaxe, unha xente, unha vila non son como as temos imaxinado” (Rodríguez 2011: 59). O Sertão, que na súa imaxinación era case un deserto, visión, segundo declara, alimentada por diferentes lecturas e polo cinema, pasa agora a ser un lugar cheo de fauna e flora e, polo tanto, cheo de vida como notamos no seguinte fragmento:

(...) apenas perdura a escenografía fílmica dos anos 60, especialmente do baiano Glauber Rocha (...) Por outra banda, a impresión que recibimos a través de Euclides da vila de Monte Santo de final do século XIX responde escasamente a esta realidade (...) A aba do Monte Santo (...) é xenerosa en verdes (Rodríguez 2011: 59-60).

Vemos, pois como as representacións feitas por Baixeras e Zúñiga do espazo brasileiro concordan, de forma xeral, co imaxinario transmitido polos medios internacionais, segundo a análise de Paganotti. A caracterización da paisaxe brasileira constrúese sobre a base dunha polarización, especialmente evidente nas descrições de Baixeras. Así, inicialmente, os textos sitúannos diante dun país exótico dentro do que non só se inclúe a natureza e as paisaxes, senón tamén os corpos das mulleres. Estes discursos conflúen cun imaxinario de longo

percorrido histórico con orixe nas descrições feitas polos primeiros colonizadores, e que, posteriormente foi reproducido dentro do ámbito académico, das artes e do turismo até chegar aos nosos días. Fronte a esta representación do paradisíaco, colócanos tamén diante da imaxe dun país degradado, que ten unha forte presenza nos textos de Zúñiga.

4.2.2. BRASIL LAMA

Seguindo de novo a clasificación feita por Paganotti, pasaremos agora a analizar as representacións do que el denominou “Brasil lama”. Dentro deste grupo, este autor coloca imaxes referidas a diferentes tópicos como: a corrupción, pobreza, impunidade, indiferenza política e policial, incompetencia, discriminación e a coñecida como “malandragem”, que non sería outra cousa que unha variedade de corrupción desenvolvida de maneira colectiva pola sociedade. Pola nosa parte, consideramos que se debe incluír aquí unha categoría nova: o caos e a desorde urbanística. Na nosa opinión esta categoría resulta esencial xa que está moi presente nos textos e vai da man do tópico da corrupción política e da pobreza.

Viamos como as imaxes agrupadas baixo a clasificación de “Brasil verde” transitaban entre un pólo positivo e outro negativo. Así, a pesar de estar moi presente o tópico da natureza e paisaxe exótica, este “Brasil verde” estaba complementado por imaxes de carácter negativo nas que o eixo central era a polución, a destrución e o caos, tópicos que conflúen, por tanto, como xa foi sinalado, coa categoría de “Brasil lama”.

Poderíamos afirmar, aínda que non de maneira exacta, que a maioría das imaxes transmitidas por Baixeras e Zúñiga se corresponden con esta temática do caos. Así, nas descrições da cidade de Salvador presentes na obra de Baixeras predominan adxectivos como “caótica” ou substantivos como “desorde”. O autor fala, de forma xeral, de “desorde típica iberoamericana” (Rodríguez 2011: 72), e describe a cidade de Salvador como suxa e barullenta: “Existe nestas cidades como un fatalismo cotián ao que a xente, de natural xeneroso, acaba afacéndose. Que outro remedio pode haber contra a suciedade, a ausencia de

sinalizacións, o desprezo do peón, o mal estado das calzadas (...)” (Rodríguez 2011: 90).

Esta imaxe coincide no esencial coa presentada por Zúñiga en referencia a São Paulo, cidade que xa non lembra “os espazos libres de ruído acústico e visual, os ambientes liberados da suciedade nos fociños, o fedor das augas (...)” (Zúñiga 2010: 35).

Son dúas as causas principais deste caos e desorde: por un lado a corrupción política, isto é, “o desleixo de quen ten poder para impulsar unha mudanza e non o fai” (Rodríguez 2011: 72) e por outro, un factor de tipo cultural. Baixeras refírese a este segundo factor, o cultural, de forma máis evidente en dúas ocasións: primeiro cando fala das épocas de chuva intensa que acaban por alagar a cidade case completamente e vincula esta circunstancia a características culturais desta cidade e “doutras así”, de modo que, os alagamentos son frecuentes en cidades como Salvador “pertencentes a cultura e clima similares (Rodríguez 2011: 101). En segundo lugar, faise referencia en *Brasil no centro* ao que poderíamos englobar arredor da idea de *cultura do caos* cando o autor reproduce as palabras dun profesor galego co que conversa durante a súa estadía en Salvador e que afirma atoparse máis cómodo “percorrendo as grandes cidades europeas (...)”, “as terras onde xa estiveron os romanos” do que en “cidades de “remela e relixión” (Rodríguez 2011: 98).

Como dicíamos, a temática da corrupción tamén vai estar moi presente, tanto nos textos de Baixeras como nos de Zúñiga. Ambos os dous autores relacionan na representación das cidades, Salvador e São Paulo, o caos e a degradación coa corrupción política xeneralizada que desatende tanto os espazos públicos como o patrimonio histórico-cultural. Así, Baixeras fala da impasibilidade dos poderes políticos e, mesmo tamén da cidadanía, que camiña sen perturbarse por unha cidade que “(...) expón as súas chagas sinistras”, na que “as vellas casas coloniais foron sistematicamente arrasadas (...)” (Rodríguez 2011: 56).

A cidadanía, segundo el, non só fica impasible, senón que “vai votar a fin de que os que o maltratan continúen dispensando privilexios” e xustifica ou obvia “claras chatas a prol

dunha suposta modernidade ou futuro apocalípticamente feliz” (Rodríguez 2011: 138). Esta tendencia, sinala de novo Baixeras, non é característica apenas da sociedade brasileira, senón que acontece de forma xeral en Iberoamérica (Rodríguez 2011: 138).

A corrupción, porén, tanto nos textos de Baixeras como nos de Zúñiga, non atinxe só á clase política, senón que a policía e a poboación tamén se verá envolta dentro desta dinámica. Os textos de ambos os dous autores fan referencia a casos de actuacións policiais fóra do marco legal e a cidadáns que se organizarían dentro de grupos que ignorarían ou se implicarían en situacións de violencia a cambio de beneficio económico. Así, pois, sitúannos nun escenario no que temos unha policía da que “non sabemos en que leas anda metida nin que ten que ver cos que imponen o terror”, xunto con “moradores descontentos” que “pasan a formar parte das milicias paramilitares, clandestinas e ilegais” e que “sedentos de vinganza ou necesitados dun soldo extra (...) conveñen tarifas, recadan en concepto de benefactores” e “na factura inclúen un plus violento de temor e inestabilidade” (Zúñiga 2010: 221-222).

Dentro deste ambiente de aplicación dunha xustiza arbitraria, a poboación busca tamén camiños para tirar beneficio, principalmente económico conforme se deduce dos textos dos autores. Así, nos textos de Rodríguez Baixeras fábase dunha sociedade na que “todo se move polo interese” e onde “non existen os sentimentos” (Rodríguez 2011: 133) e que, ademais, se caracteriza por “unha ineptitude para o disimulo da conduta moral” (Rodríguez 2011: 58). A periferia retratada por Iolanda Zúñiga vai ser tamén un lugar no que “a balanza sempre se inclina do lado do camiño espedrigado, cun destino de fracaso probable” e onde “se forman delincuentes en serie, con marcas distintivas, clons cun código de barra tácito impreso nos xenes (...)” (Zúñiga 2010: 93; 239).

Nesta sociedade, segundo sinala Baixeras, “a palabra *necesidade* brilla en todo tempo e lugar (...) Unha palabra de estirpe tan brasileira que funciona igual que *pancada de chuva*, *lanchonete*, *porra!* (...)” (Rodríguez 2011: 210). Neste sentido, son relativamente frecuentes

as alertas de mantermos a atención sobre historias e fabulacións que se escoiten na rúa e de “aprender a reprimir as (...) emocións e a (...) tendencia á xenerosidade conforme vaia engulipando unha das historias máis melancólicas e apesaradas que ten ouvido nunca, cuxo estilo é de clara procedencia telenovelesca” (Rodríguez 2011: 211) e “das que o fin non é outro que a vil moeda” (Rodríguez 2011: 54). Este comportamento foi asociado a unha figura social particular, a do “malandro”, definido por Karl Erik Schollhammer como “un homem sem compromisso (...) sempre no limite da lei, mas nunca em total oposição a ela (...)” e que “sobrevive em função do seu talento individual (...) evita o confronto direto e prefere o “jeitinho” (Schollhammer 2007: 32). Esta figura, froito do mito do brasileiro cordial de que, lembremos, falaba Buarque de Hollanda, pasou a estar moi presente no imaxinario, interno e externo, sobre o Brasil. O “malandro” vai ser representado literariamente por primeira vez na novela de Manuel Antônio de Almeida, *Memórias de um sargento de milícias* (1854), e sobrevivirá no tempo até internacionalizarse en 1942 cando Walt Disney creou a figura do “Zé carioca” para a película “Alô, amigos”, que presentaba un papagaio vividor que habitaba no Rio de Janeiro. Desta forma, esta imaxe acabou por impoñerse de forma xeral como característica do brasileiro (Bignami 2002: 97).

O nivel de necesidade e o de pobreza van estar asociados nos textos de Baixeras tamén a unha característica racial, xa que segundo sinala o autor, “se esa persoa é de raza negra (non se me malinterprete: normalmente é pobre” e a necesidade “adoita ser alta” (Rodríguez 2011: 210). Pola contra, aclara noutro momento, que a discriminación no Brasil está máis vinculada a un factor económico que a unha cuestión simplemente de cor, existindo pois, un “apartheid principalmente económico” (Rodríguez 2011: 220). Esta observación contrasta coa análise feita por diferentes especialistas da socioloxía e antropoloxía como Lilia Moritz Schwarcz, que afirman que o Brasil é un país que sofre un racismo estrutural debido a que pasou por un proceso de “branqueamento” que foi iniciado a partir da elaboración do mito da chamada

“democracia racial”. Este proceso de “branqueamento” funcionaría de forma paralela aos de ascenso social e explicaría a razón pola que a poboación brasileira, ao ser preguntada pola súa cor, dea como resposta unha clasificación de máis de 136 cores diferentes e só o 6% da poboación se defina como negra. (Schwarcz 2012a: 49). Estas análises fan visible como a raza (como tamén o xénero ou a combinación de ambos) ten implicacións directas sobre a posición na escala social e económica da poboación. Polo tanto, e sempre seguindo as conclusións destes estudos, non se trataría apenas dun “apartheid económico”, senón puramente racial. No entanto, tanto Baixeras como especialmente Zúñiga, como veremos, distánciase neste caso do ideal dun Brasil mesturado pacificamente no que non existe a discriminación racial, imaxe que foi reiterada tanto polo discurso nacional como polo do turismo desde inicios do século XX.

Por outro lado, o uso das narrativas da necesidade para obter beneficio económico está asociado na obra de Baixeras principalmente a mulleres porque, como sinala, “o home dispón doutro tipo de recursos” (Rodríguez 2011: 221). Neste sentido, avísanos o autor de que, de mantermos unha relación sentimental cunha persoa brasileira, debemos “comprobar até onde chega o seu grao de necesidade” porque “até tal punto é artificial a súplica, a tal grao chega o desprezo de que somos obxecto” que “no caso de accedermos á solicitude non debemos esperar agradecemento” (Rodríguez 2011: 55). Chama a atención o feito de que as mulleres, non só as brasileiras, aparezan vinculadas en diferentes ocasións ao interese, á manipulación e ao uso do seu corpo como ferramenta para tirar beneficio por “estar moito máis dotadas para a estratexia” (Rodríguez 2011: 235). En razón disto, Baixeras acaba por clasificalas en dous tipos: “hainas máis espertas e hainas menos interesadas” (Rodríguez 2011: 235).

En calquera caso, como xa vimos, a representación das mulleres brasileiras ten un gran peso dentro do imaxinario nacional, así como tamén nas campañas turísticas e na mediatización internacional do país, polo que, nos achegaremos a esta análise máis en detalle

no apartado “Brasil de plástico”.

Xa para rematar, convén retomar de novo as representacións que teñen como protagonistas os espazos de moradía da poboación máis pobre debido a que notamos nos textos de Baixeras e Zúñiga unha frecuencia alta de imaxes relacionadas con condicións de precariedade e desigualdade, así como a elaboración do que poderíamos denominar un *urbanismo da pobreza*. Nesta liña, Baixeras establece unha tipoloxía dos barrios segundo o nivel de pobreza e para exemplificar esta consideración xeral, sinala casos como o do Barrio de Candeal que viviu unha melloría considerable nas súas condicións de vida a partir da intervención do investimento privado. Esta melloría é cualificada polo autor como de “milagre”, en clara referencia ao documental *El milagro de Candeval* de Fernando Trueba, ao considerar “as condicións obxectivas da cidade e do país” no que existe “tanta pobreza da que non parece querer desprenderse” (Rodríguez 2011: 166-167). Fronte á situación “excepcional” do Candeal, o autor reforza a idea de que “alí onde hai un pobre é de todo imaxinábel até que punto pode chegar a súa indixencia; unha escala cuxos chanzos poden chegar ao mesmo inferno” (Rodríguez 2011: 198).

Nos textos de Iolanda Zúñiga este urbanismo da pobreza está concentrado principalmente en dous espazos: no centro da cidade de São Paulo e nas periferias. O centro da cidade é presentado como o lugar dos grandes bancos, das multinacionais e da “publicidade de logotipos prohibitivos” que “pasea bulevares, avenidas e glorietas e é tan implacable como o napalm” que “calcina a autoestima dos obreiros de petos furados que habitan esgotos, becos e vielas” (Zúñiga 2010: 23). A periferia, que será o espazo principal na novela, é definida, polo contrario, como unha área de precariedade absoluta na que se ven “millares de casas amontoadas”, “as augas non se canalizan” e onde os moradores “non gozan de fogar (...) nin de sustento” (Zúñiga 2010: 54). Ao mesmo tempo, tamén é descrita como altamente perigosa, unha definición que queda fixada ao colocarlle a etiqueta de “Triángulo

da morte” (Zúñiga 2010: 88). A consecuencia máis inmediata que se derivaría desta situación sería a procura de saídas rápidas e efectivas a través do tráfico e drogas e da violencia, establecendo desta maneira, unha relación de causa-efecto entre pobreza e violencia. Este tipo de imaxes e representacións relativas á violencia serán analizadas con maior detalle no apartado “Brasil sangue”.

Vemos, pois, como esta relación de imaxes encadradas dentro da categoría de “Brasil lama” coincide no fundamental coas detectadas por Ivan Paganotti dentro da prensa internacional. Neste sentido, notamos unha coincidencia nas descrições das cidades de São Paulo e Salvador, tan distantes desde o punto de vista socioeconómico e, mesmo cultural, xa que ambas as dúas son definidas nos textos por un caos e unha desorde, dúas características son, ao mesmo tempo, son tamén identificadas como propias espazo Iberoamericano. Esta situación de caos será apuntada nos textos analizados como unha consecuencia da corrupción política que asolararía o Brasil co beneplácito ou permisividade dunha poboación xa afeita. Xunto a isto, sinálase tamén como resultado da corrupción, o alto nivel de pobreza e desigualdade económica da que sería vítima, principalmente, a poboación afrobrasileira e a que mora nas periferias. Este escenario, como veremos a seguir no apartado “Brasil sangue”, explicaría en gran medida os niveis de violencia.

4.2.3. BRASIL DE SANGUE

No anterior apartado vimos como as imaxes elaboradas por ambos os dous autores dentro da categoría “Brasil lama”, proposta por Paganotti, tiñan como foco central a corrupción que era entendida como a causa principal do deterioro urbanístico, da pobreza e da desigualdade, unha situación que acababa por crear, en moitos casos, un clima xeral de inseguridade e violencia. Desta forma, a representación do Brasil dentro desta categoría alárganse até confluír co que Paganotti etiquetou como “Brasil sangue”, clasificación na que colocou as seguintes imaxes: tráfico de drogas, inseguridade e crime organizado. Todas estas

representacións, segundo o autor, presentan un alto nivel de repetición xunto cun baixo nivel de transformación dentro da prensa internacional, fronte ás imaxes encadradas no resto das categorías. Porén, este imaxinario dun “Brasil sangue” non só está presentes nos medios de comunicación internacionais, senón tamén nas produción literaria e cinematográfica nacional. Así, veremos neste capítulo unha constante referencia nos textos de ambos os dous autores a outros textos (literarios ou visuais) que traballan sobre a temática da violencia no Brasil.

A cidade de Salvador que presenta Rodríguez Baixeras está caracterizada por ser un lugar por onde “os turistas avanzan como con medo” (Rodríguez 2011: 37) e polo que resulta difícil camiñar sen coñecer ou sen estar acompañado “por alguén que coñeza a cidade (...) posto que debo asistir ao deprimente espectáculo do meniño de doce anos fumando un baseado ou canuto” (Rodríguez 2011: 86). O retrato da cidade, marcada pola alta perigosidade e inseguridade, configúrase principalmente a través de diferentes relatos de experiencia, ben propia ou ben da de outros visitantes. Nesta liña, o autor reproduce a testemuña dunha parella de turistas que comentan a falta de vontade que teñen de permanecer na cidade porque “o día anterior fora atracada e afirmaba non poder soportalo (...)”, e aínda que “aquí hai cousas e xentes moi atractivas (...) todo tes que velo coa mosca tras a orella, en continua tensión, a ver quen se che puxo ao lado, quen che vén detrás (...)” (Rodríguez 2011; 132-133). Diante desta situación, o autor propón a elaboración dun mapa da cidade, tal como se fose o do metro, no que “mediante raias de cores, se indicase o maior ou menor grao de perigo (...) Así, o centro histórico levaría raias amarelas. E Rio Vermelho? Poñamos que verdes, ou mesmo azuis (...)” (Rodríguez 2011: 87), xa que, “a vida para moitos turistas é dura (...) mesmo para eles as zonas turísticas son pouco recomendables” (Rodríguez 2011: 133).

Todas estas testemuñas de turistas veñen reforzadas por casos contados por parte de persoas autóctonas. De entre todas as experiencias que o autor transcribe no libro, chama especialmente a atención a historia dunha muller, cun percorrido vital dramático, que se cría

dentro dun ambiente familiar violento, cun pai alcohólico. Despois da morte dos seus pais acaba caendo na absoluta indixencia e sendo escravizada por diferentes persoas e institucións (Rodríguez 2011: 46-47). Este relato coincide coa peripecia vital da protagonista principal da novela de Zúñiga: Luciana, ou Simone, nome que recibe unha vez introducida dentro das redes de tráfico de drogas, procede tamén dun ambiente familiar de precariedade e violencia. Cun pai alcohólico, Dimitri, e unha nai, Terezinha, enferma, Luciana/Simone acaba buscando a saída económica máis rápida dentro do tráfico e do crime: “Se Luciana fose interrogada polo mesmo reporteiro europeo que entrevistou ao menino anterior, talvez contestaría ... *entrei no tráfico para ajudar minha mãe, porque a vida aqui é muito difícil ... chega de noite, a gente aqui não tem nada pra comer, minha mãe chora...* (Zúñiga 2010: 136-137)

A repetición dun mesmo modelo de historia induce a pensar que estas situacións acontecen con relativa frecuencia e, por súa vez, a constatación desta idea vén dada a partir de textos en que se reitera que “aquí no Brasil todo é tópico, aquí calquera caso estraño, calquera avatar inusitado, calquera calamidade é algo consubstancial, forma parte do decotío (...)” (Rodríguez 2011: 45). Para boa parte dos cidadáns sería, pois, un problema máis, para alén da precariedade e da falta de infraestrutura urbana, coa que convivir xa que, segundo sinala Baixeras, “podo observar na televisión (...) persoas que camiñan sen demasiada présa (...) en canto escoitan a descarga policial” (Rodríguez 2011: 87).

O reforzamento do carácter cotián e/ou da normalidade da violencia dentro do espazo brasileiro está tamén introducido a partir de diferentes intertextualidades. Ambos os dous autores botan man de textos literarios, de músicas ou filmes en que o eixo central será a criminalidade. Por exemplo Rodríguez Baixeras fai referencia a producións literarias brasileiras como os relatos de Rubem Fonseca ou á famosa novela de Paulo Lins, *Cidade de Deus* (1997), que sería levada ao cinema en 2002 e que colaboraría na internacionalización da imaxe de Brasil e, especialmente das favelas, como espazos altamente violentos e dominados

polo crime (Rodríguez 2011: 87). Zúñiga tamén incorpora referencias de tipo musical, como canción “Povo da periferia” de Ndee Naldinho ou o “Rap das armas” de Cidinho e Doca, en que se destaca a desigualdade e inxustizas que rodean a vida dos moradores das periferias, así como tamén referencias de documentais como o producido polo rapeiro MV Bill en 2006 e titulado “Falcao-Meninos do Tráfico” no que un adolescente relata a situación de precariedade e desesperanza que o levou a acabar involucrado no crime.

O retrato da violencia, especialmente vinculada ao tráfico de drogas e á pobreza, ten sempre a adolescentes como principais protagonistas. Baixeras, por exemplo, fálanos dunha mocidade “de gatillo fácil” para a que non habería unha solución posible, posto que, “andar con reformas a esa idade máis parece cousa de santos que de pedagogos (...)”, xa que, “o bandido adoita querer posuír o que non lle permite a súa orixe miserábel” (Rodríguez 2011: 103). Na mesma liña, o autor presenta tamén a historia de crianzas consumidoras de drogas que acabarán sendo, de forma inevitable, “carne de pistola” (Rodríguez 2011: 119) ou de mozas que se inician na prostitución coa axuda das nais que apoian “os fundamentos da aspirante –en virtude do máis absoluto analfabetismo, da maior indefensión- a pendanga” (Rodríguez 2011: 181-182).

Este escenario non difire especialmente do presentado por Zúñiga en relación aos moradores da periferia de São Paulo. Así, en *Periferia* son axentes de violencia todos os moradores, desde as familias aos máis novos. O nivel de violencia dentro deste espazo é resaltado a partir de datos dalgúñas organizacións como a UNESCO: “que alertara de que a guerra amortallada que se desenvolvía nas *periferias* do país deixara (...) catro veces máis mortos que no conflito mediatizado palestino-israelí e superara en número de vítimas, nunha década, a vinte e tres conflitos armados do mundo” (Zúñiga 2010: 216).

A mocidade aparece relacionada en todo momento coa posesión de armas e coa execución dunha violencia sen límites, así como tamén moitos deles con grupos de maior

alcance como as FARC ou o PCC¹², “siglas que amparan baixo o mecenado criminal aos *moleques* máis ambiciosos das favelas, aos arriscados que asumen sen traumas a posibilidade de perder algo tan improdutivo como unha vida periférica” (Zúñiga 2010: 352). Este último grupo, o PCC foi vinculados á fuga de presos no ano 2006, episodio que colocou a cidade de São Paulo nun estado de emerxencia sen precedentes e que tivo como consecuencia a morte de medio millar de persoas, a maioría moradores das periferias. Neste sentido, non convén perder de vista o declarado en conferencias¹³ ou o publicado en diversas reportaxes e artigos polo colectivo “Maes de Maio”¹⁴, que sitúan a responsabilidade do conflito na actuación do goberno do Estado de São Paulo e advirten que este acontecemento foi usado como carta branca para atentar contra a poboación das periferias. Así pois, a asociación da mocidade das periferias con este tipo de grupos continúa usándose con frecuencia para xustificar accións policiais que non deixan de atentar contra os dereitos dos seus moradores e acaban tendo como principal resultado a degradación e criminalización da imaxe das comunidades máis pobres.

A historia da principal protagonista de *Periferia*, Luciana, así como tamén a de algúns secundarios como Wagner, resulta ben representativa deste xogo de asociacións entre mocidade, pobreza, tráfico de drogas e crime organizado. Estes tres mozos comparten unha infancia marcada pola pobreza, a desestruturación familiar e a procura dunha saída a esta situación a través do tráfico de drogas. Descríbese durante a novela como entran nunha loita polo poder económico e ascenso social a partir dunha escalada de posicións dentro de grupos do crime organizado. A pesar de teren unha mínima posibilidade de escoller outro camiño, deciden que a mellor garantía e a vía máis rápida para a supervivencia non pasa nin pola

¹² O Primeiro Comando da Capital (PCC) foi creado na década de 90 para garantir os dereitos dos presos e alcanzou unha gran importancia no ámbito carcerario pola organización de diferentes rebelións e fugas.

¹³ Participación do colectivo nas xornadas “A periferia no centro” celebrada en São Paulo en novembro de 2014.

¹⁴ Colectivo formado por familiares das persoas mortas durante estes acontecementos de 2006.

formación nin polo vida laboral legal. Así, por exemplo, “Vágner comezaría por ser un dos *aviãozinhos* da *quadrilha*, para, nun futuro (...), rematar sendo un dos recadeiros espelidos que conectaban os traficantes da favela cos clientes do asfalto” (Zúñiga 2010: 304) e Luciana “cada mañá sentía a ambición escalándolle a gorxa, tiña sede de medrar (...) pensaba: *do jeito que vai isto vô ficar rica rapidinho (...) estou começando como falcão e vô terminar comandante-em-chefe (...)*” (Zúñiga 2010: 132).

Porén, convén destacar tamén que en *Periferia*, ao lado da violencia exercida polos moradores, aparece a policía como un dos axentes principais de conflitos. Zúñiga relata diversos episodios de intervencións violentas por parte forzas de seguridade brasileiras como a ROTA e a Policía Militar de Sao Paulo, ou o BOPE do Rio de Janeiro, amplamente coñecidos a nivel internacional debido a filmes como *Tropa de Elite* (2007).

En *Brasil no centro* tamén se estende o uso da violencia a axentes diferentes da mocidade máis pobre. Así, cóntasenos como a poboación, aínda que caracterizada de maneira constante como permisiva diante dunha violencia xeneralizada, actúa tamén como axente ao reaccionar violentamente fronte a situacións de roubo ou intimidación. Fronte ás críticas de parte da sociedade en relación a estes casos nos que se prioriza unha tomada da xustiza pola propia man, o autor xustifica o caso alegando que:

se xa é duro en si morar nunha miserenta favela, máis duro ten que ser regresar todos os días á casa despois de ímprobo traballo sob a ameaza de que te asalte –e mesmo mate- o fillo dun veciño metido a bandido. Ou que, unha vez no leito, non te deixen durmir as súas descargas (Rodríguez 2011: 109).

A representación das periferias como espazo de criminalidade e violencia por parte de medios de comunicación, así como dentro do ámbito literario non parece novo e responde a unha serie de fenómenos socio-políticos relacionados co proceso de urbanización do Brasil. A partir da segunda metade do século XX o Brasil pasa por unha transformación económica radical debida a un proceso de industrialización nacional que é activado polo goberno de

Justelino Kubitschek¹⁵. Este proceso ten dous efectos principais: provoca unha importante aceleración nos procesos de urbanización e, tamén, dá inicio a unha explosión poboacional sen precedentes (Maricato 1995: 19), que tivo como consecuencia que as áreas urbanas chegasen a acoller máis do 81% do total da poboación no final do século. A incapacidade por parte dos poderes públicos de dotar de infraestrutura a todo o espazo urbano provoca que se divida en dous subespazos: unha cidade oficial que conta coas infraestruturas necesarias, e unha cidade marxinal ou fóra da lei, dous espazos que entran en conflito a partir da década de 60 (Pereira 2011: 6). Debido a estas modificación na composición territorial e social do país, o espazo urbano pasou a ser foco principal de atención e, en consecuencia, centro das representacións sociais. A imaxe da cidade marxinal ficou impregnada a partir destes anos dun carácter conflitivo como resultado das ondas de violencia urbana que na aquela altura que chegaron a ser consideradas como un problema nacional. Desta forma, a violencia social entrará a facer parte indisoluble da caracterización das periferias, tanto dentro da produción xornalística como na literaria. Así, o neorrealismo xornalístico buscou describir a vida das periferias, centrándose especialmente nas desigualdades socioeconómicas e na violencia e, no ámbito literario apareceu unha nova liña estética denominada como “brutalismo” por Alfredo Bossi (Bossi 2015: 19-20), que tiña o seu máximo expoñente nos relatos de Rubem Fonseca e que abre o camiño a representacións das periferias sobre o único parámetro da violencia. Na década de 90 a imaxe da violencia vai ser alargada ao ámbito do tráfico de drogas e do crime organizado debido ao aumento da presenza destes dous elementos na sociedade brasileira a partir da década de 80. Nesta liña, a mocidade das periferias comeza a ser retratada nestes anos como profesionais do tráfico e pezas chave dentro o crime organizado. Estas representacións nas que se relaciona á poboación máis pobre co tráfico de drogas e o crime continúan actualmente moi presentes nos medios de comunicación, nacionais e internacionais,

¹⁵ Este goberno inicia a política económica de “50 anos em 5”, un proxecto que prevía a masificación e diversificación da produción de bens de consumo.

porén, tamén nos últimos anos comezaron a ser discutidas e, mesmo combatidas desde diferentes ámbitos académicos e artísticos.

En definitiva, os dous autores preséntanos uns espazos, Salvador e Sao Paulo, marcados pola violencia e a inseguridade. Os factores apuntados como motivadores desta situación serían a pobreza xunto coa discriminación, e o foco ou orixe principal serían os lugares de moradía da poboación máis pobre. En ambos os dous libros os adolescentes son axentes centrais da violencia e están asociados sempre a grupos criminais e de tráfico de drogas, unha serie de circunstancias que se explican como consecuencia dunha situación de extrema precariedade. Vemos, pois, como pobreza e violencia, periferias e desesperanza son elementos situados nunha relación de causa-efecto xa que “a periferia traballa. Ou rouba. Ou mata” (Zúñiga 2010: 74).

4.2.4 BRASIL DE PLÁSTICO

Nos apartados anteriores vimos como o Brasil era representado a partir da súa beleza paisaxística e o seu exotismo, un imaxinario que se achegaba ao elaborado a través dos discursos dos primeiros colonizadores. Porén, este imaxinario paradisíaco víase modificado pola degradación do medio natural e do patrimonio cultural e esta degradación viña principalmente asociada á depredación humana, así como tamén á corrupción política. A falta de interese da clase política na conservación do patrimonio cultural e natural provocaba unha transformación dos “paraísos” en “caos”, xunto a unha situación social de extrema pobreza e desigualdade, caldo de cultivo para un ambiente de violencia e discriminación, colocándonos desta forma, diante dun escenario sen posibilidade de ser revertido.

A pesar de verse modificada, discutida ou mesmo destruída no discurso esta imaxe do “paraíso natural”, detectamos outra serie de imaxes que contribúen para o reforzamento desta idea do Brasil idílico, aínda que desta volta, teñen como foco o factor sociocultural e non o paisaxístico. Estas representacións, como veremos, van xirar de novo principalmente arredor

da idea do exótico. Así, a última clasificación que analizaremos será a do “Brasil de plástico”, dentro da que Ivan Paganotti colocou as seguintes imaxes: sensualidade, beleza natural, o samba, o Carnaval ou a cordialidade.

Anunciabamos nos primeiros apartados, especialmente no epígrafe denominado “Brasil verde”, que a representación das mulleres brasileiras vai ter un peso esencial dentro desta clasificación e, neste sentido, veremos como boa parte do discurso dos autores que estamos usando como corpus de estudo, constrúen a *brasilidade* sobre características de xénero, que por súa vez, está cruzado polo factor da raza e a sexualidade. En consecuencia, agruparemos as imaxes de Paganotti sobre dous eixos principais: un, a corporeización, racialización e sexualización social e outro, a carnavalización da sociedade brasileira.

O primeiro que chama a atención nos textos, especialmente nos de Xavier Rodríguez Baixeras, é a especificación de características raciais nas descrições humanas. Son frecuentes as ocasións onde ao introducir a presentación ou descripción dunha persoa que participa do narrado inclúe como marca particular a cor de pel, significativamente a negra: “Salvador de Bahia (...) Vin ao paso dunha mudanza (...) Recíbume (a filla) no aeroporto co mozo e unha amiga (...) Mirei para o mozo: era de raza negra (...)” (Rodríguez 2011: 71).

A centralidade desta cuestión no discurso do autor lévao mesmo a facer diferentes apreciacións sobre a tonalidade da pel da poboación. As mulleres van ser obxecto central deste tipo de observacións e, neste sentido, case que en forma de declaración de intencións, o autor sinala que, “por circunstancias alleas á miña vontade, é na muller onde advirto mellor as cualidades cromáticas” (Rodríguez 2011: 125). Así pois, elabora toda unha clasificación cromática das mulleres brasileiras que el denomina “*a escurinha*”, aquela que “como di a canción, `non se sabe o que ten`” e que produce nel desexos de “recoñecer algún día cada cute desas até o punto de borboriñar: *Que pele suave, morena*” (Rodríguez 2011: 126). Para construír esta taxonomía recolle a clasificación popular brasileira de tonalidades da pel negra

das mulleres: “(...) a pel da muller “morena” pode ser: a) *morena* propiamente dita; b) *jambo*, isto é, da cor desa árbore (...); c) *jambete*, mulata clara (...); d) *ocra*, outra árbore (...); e) *canela* –xa evocada no bolero clásico (...); e f) *sapoti*, outra árbore (...)” (Rodríguez 2011: 126).

Con todo, a tonalidade de pel non vai ser o único elemento distintivo, e ao tempo unificador, que o autor faga funcionar na caracterización das mulleres brasileiras. Como vimos no primeiro apartado que titulabamos “Brasil verde”, o autor tamén se recrea en observacións relativas ao cabelo das mulleres brasileiras, segundo el caracterizadas por teren unha longa cabeleira e un espesor que sería marca de vitalidade e, por enriba de todo, de “feminidade” (Rodríguez 2011: 148-149). Nestes discursos atopamos dúas estratexias principais de homoxeneización: ben a través da esencialización ou ben por medio da sobredeterminación funcional. Neste sentido, por un lado faise unha asociación de características raciais con trazos físicos como unha consecuencia natural, ao sinalar que, aínda que as mulleres negras non leven os cabelos longos, a súa psicoloxía “inclínase por todo o contrario” (Rodríguez 2011: 148) e, por outro, as valoracións son feitas en termos dunha “heteronormatividade reprodutiva” (Spivak 2010: 18) ao afirmar que “a muller baiana depilándose axilas e pube, séntese, indubidablemente, máis limpa e máis nena; isto é, máis pura” e “tal sensación é transmitida aos varóns” (Rodríguez 2011: 149).

O uso das características corporais e de cor para facer descrições das mulleres brasileiras está presente tamén nos textos de Zúñiga tal e como vemos na descripción de Simone:

A súa pel mulata satinada contaba cunha cuadriga de fragancias singular: polpa de *goiaba* (...) a epiderme (...) envolvía as súas carnes pretas, voluptuosas (...) *escuras coxas duras tuas duas de acrobata mulata* (...) cabelo negro acibeche suspendido pola brisa (...) liana da que ningún Tarzán se ha desenobelar (Zúñiga 2010: 206).

Fica claro, pois, como, a caracterización nos dous casos é feita en relación á cor e ao corpo, sempre xunto coa idea de sensualidade, connotada, por súa vez, por elementos de tipo natural, ben a través de árbores ou de froitas, e que concretan, desta forma, non só a súa “feminilidade”, senón tamén a súa exotividade. Esta estratexia descritiva, segundo Stuart Hall (2010) e Homi Bhabha (2013), funcionaría como unha forma de homoxeneización da alteridade ao crear un tipo humano, neste caso o da muller negra, á que lle é negada a súa individualidade, facendo que pase a facer parte da categoría unificada “mulata”. Neste sentido, sinalan autoras como Mariza Correa ou Piscitelli (1996), a imaxe da mulata foi construída historicamente como categoría fixa e non fluída xa que, mentres a representación dos homes negros tivo algún peso dentro da configuración da identidade nacional, a mulata transformouse en obxecto social e símbolo nacional (Correa 1996: 47-48).

Viamos no capítulo introdutorio deste traballo como as construcións de xénero en territorios que pasaron por un proceso de colonización, neste caso fundamentada no escravismo, estaban marcadas particularmente por características raciais e sexuais indisociables dentro do proceso de construción identitaria. Nesta liña, notamos nos textos de ambos ou dous autores como a imaxe das mulleres brasileiras se constrúe tamén en función dunha “hipersesexualización”. Baixeras, por exemplo, fálanos de “meninas de 5 ou 6 anos con cuxas mechíñas as nais empregan as horas mortas e lles aprenden, desde idade tan temperá, a mostrarse solícitas (...)” (Rodríguez 2011: 149) e Zúñiga refírese ás “mozas na idade de namorar” que “collen con apuro a maletiña fucsia das *meninas superpoderosas* (...) e comprobamos que teñen os artiluxos de combate en perfecto estado, os trebellos de cazaría afiados, e pólense para ir á *danceteria* (Zúñiga 2010: 38). A pesar de que esta imaxe é moi frecuente nas representacións das mulleres brasileiras, existen estudos como o de Maria Luiza Heilborn que desmenten o mito da precocidade e da desinibición no Brasil e que sinalan que realmente se trata dun tipo de estereotipo con claras marcas de xénero, clase e raza. Así, da

pesquisa feita pola autora en tres cidades, Porto Alegre, Rio de Janeiro e Salvador, con máis de catro mil mozos e mozas entre os 18 e 24 anos, dedúcese que a iniciación sexual non se corresponde coas marcas de idade, raza e clase coas que habitualmente se vincula, posto que, a cidade de Salvador con 60% da poboación negra ten unha iniciación máis tardía que Porto Alegre, onde o 75% da poboación é branca. Polo tanto, a autora deste estudo conclúe que a iniciación sexual presenta en realidade variacións en función do xénero e, en consecuencia, do seu papel social dentro dunha sociedade cunha clara estrutura patriarcal (Heilborn 2006: 51-56).

A hipersexualización asociada á *brasilidade* configúrase no imaxinario nacional e internacional principalmente a través da “carnavalización” xa que o Carnaval brasileiro está asociado “à total loucura, onde se pode fingir de tudo, inclusive fingir de esquecer e se dar ao mais completo ritual de luxúria e sensualidade” (Bignami 2002: 118).

Esta idea vébola perfectamente reflectida nos textos de ambos os dous autores que estamos a analizar. Baixeras, por exemplo, fala da “obsesión carnavalesca deste pobo” que “forma parte da súa cultura” e que provoca que “durante unha semana, calquera acontecemento, mesmo que sexa de certo relevo, é postergado, ou incluso ignorado, e o mundo fica reducido a esa turba algareira e brincadora” (Rodríguez 2011: 52-53) e Zúñiga indica que:

a maxia dura seis días, mais a ilusión seméntase todo o ano (...) O ano espreguízase (...), desapega as lagañas (...), maquilla as carencias (...) as alarmas rutineiras viran intranscendentes (...) as ansias pola celebración da liberdade superan, ano tras ano, á necesidade de comer (Zúñiga 2010: 148; 185).

Así, pois, o país quedaría paralizado durante os días que dura o Carnaval e a poboación esquecería todo ese caos, desigualdade, miseria e violencia que, como vimos en apartados anteriores, eran os termos en que os autores describían a cotidianidade da poboación. Como sinala Rosana Bignami, o Carnaval tamén estaría suxeito a unha idea de

“frenesí” mais desta vez, de tipo sexual, e marcaría o momento do ano no que todo estaría permitido e o Brasil sería transformado en “terra de todos os pecados”:

Mingua o compromiso de parella. Mulleres e homes sucumben ante a estafa doada das mentiras piadosas e aproveitan unha letra obstinada de Tim Maia coma ferramenta para favorecer unha vontade meramente sexual (...) Dispárase a actividade sexual. E xorde a controversia relixiosa (...) Aumentan os seropositivos nos controis rutineiros, as enfermidades venéreas nas parellas estables e a natalidade no mes de novembro en diferentes puntos do planeta (Zúñiga 2010: 149)

Destaca nestas liñas como se fai unha asociación de causa-consecuencia, actualmente máis que discutida, entre a alegría ou a festividade e o aumento ou propagación de enfermidades de tipo venéreo como resultado do aumento da promiscuidade.

O discurso sobre a sensualidade brasileira, enmarcada especialmente a través do corpo das mulleres negras, hai que entendelo como parte do proceso histórico de construción da *brasilidade* iniciado xa polos primeiros colonizadores. Octávio Sacramento e Fernando Ribeiro Bessa apuntan que desde os textos dos colonizadores se detecta a elaboración dunha imaxe do Brasil como “trópico de todos os pecados” ou “pornotrópicos” (Sacramento 2013: 219). Este imaxinario, segundo o autor, viría posteriormente avalado polo discurso nacional a partir de traballos como o de Paulo Prado, *Retrato do Brasil*, onde fala de Brasil como “terra de todos os vicios” (Prado 1981: 34). Neste sentido, outros autores como Gilberto Freyre (1933) ou Buarque de Hollanda (1995), atribúen ao proceso de colonización a configuración dunha sociedade sexualmente ambigua como consecuencia da predisposición dos colonos á mestizaxe. Conformaríase, desta maneira, o que Jane-Marie Collins denomina “comunidades sexualmente imaxinadas” onde as mulleres serían o elemento simbólico principal (Collins 2008: 390). Por último, cómpre tomar en conta, que estes discursos, segundo sinala Mara Viveros Vigoya, non serían outra cousa que estratexias de naturalización do racismo e do sexismo coas que se buscaría reproducir as relacións de poder a través da asociación da

realidade corporal á realidade social (Viveros 2010: 5).

En definitiva, vemos como a través do textos se elabora unha imaxe dun Brasil racializado, onde as características humanas pasan preferentemente pola tonalidade da pel, case como única marca distintiva, ao mesmo tempo que tamén se observa un país sensualizado e erotizado onde as mulleres, especialmente a través do corpo, son o elemento central. Esta última característica non vén desligada case en ningún momento da primeira, isto é, a sensualidade e o erotismo practicamente en todos os exemplos textuais que destacamos, están directamente vinculados á muller negra. A hipersexualización das mulleres brasileiras chega a tal punto que mesmo é usada para explicar os comportamentos ou a estética de mulleres e nenas. A descrición do Brasil como o “país do Carnaval” faise practicamente nesta mesma liña do erotismo e a sensualidade. Así, o Carnaval funcionaría como unha catarse en dous sentidos: nun sentido social, ao estar descrito como unha parada anual de toda actividade laboral e que mesmo chega a ocultar ou sobreporse a calquera preocupación de carácter cotián e nun sentido sexual, pois vemos, como nos textos este período funciona de impulso para o desenfreo e a promiscuidade, converténdose desta maneira, na “terra de todos os vicios” da que falaban autores como Paulo Prado.

Con este último apartado dámos por rematada a nosa análise dos textos, mais non sen antes aclarar que, por razóns de espazo, incluímos aquí un número moi reducido do total das imaxes detectadas nos textos e que, cremos, merecerían ser analizadas con maior atención e non dentro dun esquema que, como este pola obrigada brevidade, poida resultar algo simplificador.

V. CONCLUSIÓNS

Tal e como fomos vendo no primeiro capítulo deste traballo, diferentes teorías dentro do campo da psicoloxía e dos estudos culturais sobre a representación da realidade a través do discurso concluíron que a nosa forma de entender a realidade non parte apenas de procesos cognitivos de tipo individual, senón que se configura a través da socialización e, por tanto, ten orixe en contextos socioculturais. Neste sentido, as representacións sociais non serían outra cousa que resultado de discursos orientados á creación de redes de unión e pertenza a un grupo determinado co obxectivo de fixar elementos que diferenciases uns grupos doutros. A fixación das características grupais distintivas produciríase por medio da súa repetición indefinida no discurso até se naturalizaren no imaxinario social e transformaríanse, desta forma, no que a psicoloxía cognitiva denomina estereotipos. No entanto, o funcionamento e características dos estereotipos toman un formato particular en contextos de colonización cultural xa que nestes casos, non só crean unha imaxe homoxeneizada dun grupo, senón que tamén acaban por traducir sistemas de dominación ao estaren apoiados en características de raza e clase, xénero e sexualidade.

Tamén vimos no segundo capítulo que a construción das identidades en contextos colonizados non tiña orixe apenas nos discursos externos, senón que tamén, e cun papel non menos importante, nos nacionais. Neste sentido, sinalabamos como no Brasil desde finais do século XIX se procurou a construción dunha identidade nacional que diferenciase o país dentro do conxunto americano e, especialmente, que lle aportase un carácter autónomo, do punto de vista cultural, que o desvinculase da herdanza colonial. Así, a partir deste momento, a identidade nacional brasileira vai ser elaborada sobre un elemento central, o carácter tropical, que funciona como marca dunha sociedade híbrida e racialmente heteroxénea e que, por súa vez, lle aporta trazos complementarios como a sensualidade, a musicalidade ou o gosto polo lúdico. Esta proposta identitaria popularizouse a través de diferentes ámbitos como

os medios de comunicación ou producións culturais de diferente tipo co obxectivo de crear unha identificación unitaria da poboación nacional. Por outro lado, empresas nacionais orientadas ao turismo como Embratur crearon as primeiras imaxes do país como un produto de exportación nas que se destacaban elementos como a natureza, a paisaxe exótica, mesmo incluíndo dentro deste exotismo a figura das mulleres negras e indíxenas, e a musicalidade que foi representada especialmente polo Carnaval. Este imaxinario ficou consolidado no discurso dos medios de comunicación internacionais e só se modificou parcialmente na década de 80 para incorporar outras representacións como a da violencia e a corrupción. Con todo, como xa foi sinalado en diferentes momentos, o feito de que este imaxinario se fixase no discurso internacional non significa en ningún caso que teña orixe nel. Sabemos que parte destas representacións teñen orixe nos discursos dos primeiros colonizadores, mais, cómpre non perder de vista que a súa formulación definitiva se produce durante o século XX dentro do discurso nacional brasileiro.

A exportación deste imaxinario non só alcanza os medios de comunicación internacionais, senón que tamén chega a penetrar en producións culturais como o cinema, a música ou a literatura. Deste modo, nas dúas mostras literarias que analizamos neste traballo notamos unha forte presenza de diferentes elementos que configuran a representación da *brasilidade* a partir de características como o exótico, dentro dun pólo positivo, fronte a outras de tipo negativo como a corrupción ou a violencia.

Así, como vimos, tanto nos textos de Xavier Rodríguez Baixeras como nos de Iolanda Zúñiga a representación do espazo urbano, paisaxístico e social brasileiro está construída sobre a base dunha dualidade entre un “paraíso” e un “inferno”. Dentro desta dualidade, a imaxe do paraíso viría marcada polo exótico e deseñada sobre descrições nas que se incluírían tanto a fauna ou a flora como tamén os corpos, destacadamente os das mulleres. Os corpos son, pois, retratados como un elemento máis da natureza, ben de tipo

paisaxístico -que se poden e se deben admirar- ou ben entendidos como consecuencia dela, ao seren descritos como produto natural e puro, unhas asociacións que nos reenvían de forma directa ao discurso dos primeiros colonizadores. Porén, ao lado desta esencialización, notamos tamén unha configuración da paisaxe social connotada por unha forte hipersexualización e un marcado carácter racial. Así, os textos estudados sitúannos nun “pornotrópico” (Sacramento 2013: 219) onde a mulata é a principal protagonista e onde a permisividade e desinhibición sexual é unha marca distintiva do comportamento social da poboación, mesmo dentro dos grupos de menor idade. Ademais, esta permisividade vaise ver asociada nos textos, máis unha vez, ao Carnaval.

Fronte a este pólo positivo vinculado ao exótico e ao paradisíaco, no textos estudados constatamos tamén un conxunto de imaxes de carácter negativo centradas na degradación e na desorde. Tanto a cidade de Salvador como a de São Paulo están retratadas baixo o paradigma dun caos que pode ser ben de tipo urbanístico, estrutural ou humano, e cuxa causa principal é a corrupción política. Deste modo, o factor da corrupción vai ser un dos elementos centrais que xustifican non só a degradación material, senón que tamén vai marcar os comportamentos sociais. Así, por un lado, as actitudes da poboación en relación á corrupción son caracterizadas por unha pasividade e a unha naturalización que, por súa vez, é explicada como consecuencia da falta de formación ou dunha situación de pobreza xeneralizada. Por outro lado, o elemento da corrupción tamén vai ser apuntado como activador de comportamentos movidos polo interese económico e protagonizados con certa frecuencia e de forma xeral polas mulleres. Neste sentido, poderíamos dicir que as mulleres encarnan a simbolización da dualidade entre o paraíso e o inferno, unha imaxe que ademais conflúe co arquetipo da “muller fatal” tan rendible historicamente dentro do ámbito do cinema, da música e da literatura e que, como vemos, se repite de maneira incansable até a actualidade.

Os textos obxecto de análise tamén van servir para configurar o retrato social dun Brasil definido de forma xeral pola pobreza e a violencia. A situación socioeconómica do Brasil vén marcada nos textos por unha pobreza endémica, con poucas probabilidades de ser revertida, e con parámetros principalmente raciais. Porén, apenas nos textos de Iolanda Zúñiga se apunta á existencia dun racismo estrutural que se manifesta especialmente a través das desigualdades económicas como consecuencia dun mercado laboral discriminatorio para a poboación negra. Mais non só o mercado laboral é espello dun racismo estrutural, como vimos que sinalaban algunhas da antropólogas de maior relevancia dentro do ámbito académico como Lilia Moritz Schwarcz ou a urbanista Ermínia Maricato, senón que a distribución das cidades, por exemplo, tamén responde unha estruturación social asentada sobre a discriminación racial.

A poboación máis pobre, por súa vez, tamén é sinalada como orixe ou foco dun ambiente de violencia xeral nun liña de razoamento marcada por un forte determinismo. Desta forma, nos textos analizados faise unha lectura reducionista sobre os efectos da corrupción política ao situala como única orixe e sustento de estruturas de pobreza e que, en consecuencia, acaba por crear un clima xeral de violencia. Con todo, existe un contraste entre a interpretación que transloce nos textos de Xavier Baixeras sobre esta situación e a que se desprende da análise da obra de Iolanda Zúñiga. Mentres que nos textos de Baixeras se sinala en diferentes ocasións que as forzas policiais son incapaces, ou mesmo insensibles diante de situacións de violencia, Iolanda Zúñiga, pola súa parte, fai unha lectura máis complexa e coloca aos propios grupos da policía como un dos actores principais no exercicio da violencia, especialmente en espazos onde reside a poboación de baixa renda. No entanto, é preciso resaltar que esta complexidade nos textos de Zúñiga fica practicamente oculta detrás dos perfís da mocidade das periferias ao seren vinculados, case na súa totalidade, a redes do crime e do tráfico de drogas.

En definitiva, vemos nos textos de ambos os dous autores o peso dunha serie de elementos que pouco se afastan dos imaxinarios sociais sobre o Brasil como “terra de contrastes”. Así, por un lado, atopamos un Brasil de natureza exótica e dunha alta sensualidade que está representada a través da mestizaxe racial e dos corpos das mulleres negras e por outro, os textos tamén nos presentan un Brasil “subdesenvolvido” por causa da corrupción e do comportamento amoral da poboación e, en consecuencia, altamente perigoso. Por tanto, a pesar de que os textos pretenden facer un retrato do Brasil actual, non deixan de sustentar o seu discurso en narrativas repetidamente visitadas desde hai décadas a través da música, do cinema, da literatura ou da produción xornalística internacional e que reproducen todos os elementos dun imaxinario altamente estereotipado e homoxeneizador centrado no samba, no sexo e no Carnaval, un escenario sempre aderezado con altas doses de violencia e perigosidade. Estes elementos non só insisten sobre lugares xa sobradamente imaxinados, senón que escurecen, até case ocultaren, outras características ou circunstancias que nos achegan a imaxe dun Brasil social e culturalmente diverso e ao que dificilmente poderemos ter acceso cunha soa ollada, tal e como acontece con calquera cuestión que pretendamos recoller dentro dun discurso unificado e apoiado noutros discursos de longa tradición, xa que a fin de contas, non deixan de funcionar como unha ferramenta máis na reprodución de sistemas de dominación.

Parece pertinente chegados a este punto e xa para pechar o noso traballo, traer aquí a reflexión da escritora nixeriana Chimamanda Adichie no foro TED Global, pois concordamos con ela cando afirma que: “a historia única crea estereotipos e o problema dos estereotipos non é que sexan mentira, senón que son incompletos e fan que unha historia se torne a única historia e a consecuencia dunha historia única é que rouba a dignidade das persoas” (Oxford, 2009).

VI. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alfonso, L. P. (2006). *EMBRATUR: formadora de imagens da nação brasileira*. Tese de Mestrado. Campinas: Universidade Estadual de Campinas. <http://libdigi.unicamp.br/document/?code=vtls000380103> (Consultado em 11.11.2017).
- Álvarez Cáccamo, X. M. (2011). “Brasil no centro de Xavier Rodríguez Baixeras”. *Festa da palavra silenciada*, 27: 146-148.
- Badet, M. (2016). “A prevalência de imaginários estereotipados do Brasil no exterior e o papel das mídias na sua manutenção”. *REMHU: Revista Interdisciplinar da Mobilidade Humana*, 24, 46: 59-75.
- Bhabha, H. K. (2013). *O local da cultura*. Belo Horizonte: UFMG.
- Bignami, Rosana (2002). *A imagem do Brasil no turismo: construção, desafios e vantagem competitiva*. São Paulo: Aleph.
- Bourdieu, P. (1998). *O Poder Simbólico*. Rio de Janeiro: Bertrand Brasil.
- Bossi, A. (2015). *O conto brasileiro contemporâneo*. São Paulo: Cultrix.
- Buarque de Holanda, S. (1995). *Raízes do Brasil*. São Paulo: Companhia das Letras.
- Butler, J. (1999). “Sujeitos de sexo/ género/ desejo”. En Carbonell, N. & Torras, M. (eds), *Feminismos literario*, 25-75. Madrid: Arco Libros.
- Cabecinhas, R. (2005). “Processos cognitivos, cultura e estereótipos sociais”. En Fidalgo A. & Serra J.P. (coords.). *Actas do III Sopcom, VI Lusocom e II Ibérico*, vol.IV, 539-549. Covilhã: Universidade da Beira Interior.
- Caminha, P. V. (1997) [1500]. *Carta a El-Rei D. Manuel sobre o achamento do Brasil*. Lisboa: Parque Expo 98.
- Casas Vales, A. (2003). *Antoloxía consultada da poesía galega*. Lugo: Tris Tram Poesía.
- Chauí, M. (2001). *Brasil, mito fundador e sociedade autoritária*. São Paulo: Fundação Perseu

Abramo.

Collins, J. M. (2008): “Intimidad, desigualdad y democracia racial: especulaciones sobre raza, género y sexo en la historia de las relaciones raciales en Brasil”. En Wade, P., Urrea Giraldo, F. & Viveros, M. (eds.), *Raza, etnicidad y sexualidades: ciudadanía y multiculturalismo en América Latina*, 377- 402. Bogotá: Universidad Nacional de Colombia.

Correa, M. (1996). “Sobre a invenção da mulata”, *Cadernos pagu*, 6/7: 35-50.

Durkheim, E. (2000). *Sociología y filosofía*. Buenos Aires: Miño y Dávila.

Expósito Molina, C. (2012). “¿Qué es eso de la interseccionalidad?. Aproximación al tratamiento de la diversidad desde la perspectiva de género en España” . *Investigaciones Feministas*, 3: 203-222.

Foucault, M. (1989). *Historia de la sexualidad*. Vol I. Madrid: Siglo XXI.

_____ (1996). *A ordem do discurso*. São Paulo: Edições Loyola.

Freyre, G. (2006). *Casa grande e senzala: formação da família brasileira sob o regime da economia patriarcal*. São Paulo: Global.

Gramsci, A. (1981). *Cuadernos de la cárcel*. vol. II. México: Ediciones Era.

Hall, S. (2010): *Sin garantías: trayectorias y problemáticas en estudios culturales*. Ecuador: Corporación Editorial Nacional.

Heilborn, M. L. (2006). “Entre as tramas da sexualidade brasileira”, *Estudos Feministas*, 14, 1: 43-59.

Jodelet, D. (1988). “La representación social: fenómenos, concepto y teoría”. En Moscovici, S. *Psicología social*. vol II, 468-500. Barcelona: Paidós.

Krones, J.M. (2007). “Turismo e Baianidade: a construção da marca ‘Bahia’”. En Rubim, A.A. (coord.). *Anais eletrônicos do III Enecult*, vol.III, 1-16. Salvador: Universidade Federal da Bahia. <http://www.cult.ufba.br/enecult2007/JoachimMichaelKrones.pdf>

(Consultado en 20.11.2017).

- Lamoureaux, D. (2010): “Femeninos singulares y femeninos plurales”. En Carrera Suárez I. (coord.), *Nación, diversidad y género: perspectivas críticas*, 41-63. Barcelona: Antrophos.
- Lippman, W. (2003). *La opinión Pública*. Madrid: Langre.
- Lisboa, W. T. (2011): “Representações Sociais do Brasil em Portugal: visibilidade midiática na legitimação de imaginário”. En Del Bianco, N., Barbosa M.C. e Rocco JR., A. J. (coords), *Anais do XVI Congresso de Ciências da Comunicação na Região Sudeste*, v.16, 1-15. São Paulo: Intercom.
- Maricato, E, (1995). “Metrópole na periferia do capitalismo – desigualdade, ilegalidade e violência”. São Paulo: Universidade de São Paulo. http://fau.usp.br/deprojeto/labhab/biblioteca/textos/maricato_metrperif.pdf. (Consultado en 22.11.2017).
- Martínez, I. (2010). “As palavras en ruínas”, *Protexa-Tempos novos*, 16: 5.
- Meira, R. L. (2015). *Entre a alegria e a preguiça: a construção discursiva da baianidade na publicidade de turismo*. Tese de Mestrado. Bahia: Universidade Estadual de Feira de Santana. <http://tede2.uefs.br:8080/handle/tede/379> (Consultado en 11.11.2017).
- Moscovici, S. (1979). *El psicoanálisis, su imagen y su público*. Buenos Aires: Huemul.
- Nicolás, R. (2010). “Iolanda Zúñiga. Os tempos son chegados, tamén para a ficción”, *Blog Xerais* (20-09-2010). <https://blog.xerais.gal/2010/iolanda-zuniga-os-tempos-son-chegados-tamen-para-a-ficcion/>. (Consultado en 01.12.2017).
- Paganotti, I. (2007). “Imagens e estereótipos do Brasil em reportagens de correspondentes internacionais”, *Rumores - Revista de Comunicação, Linguagem e Mídias*, 1, 1: 1-15.
- Pereira, E. R. (2011). “Espaço urbano e violência na narrativa brasileira contemporânea”, *Revista Línguas&Letras*, 12, 22: 1-11.
- Piscitelli, A. (1996): “‘Sexo tropical’. Comentários sobre gênero e “raça” em alguns textos da

- mídia brasileira”, *Cadernos Pagu*, 6/7: 9-34.
- Ribeiro, G. L. (2002). “Tropicalismo e europeísmo. Modos de representar o Brasil e a Argentina”. En Frigerio, A. e Ribeiro, G. L., *Argentinos e Brasileiros. Encontros, imagens e estereótipos*, 165-195. Petrópolis: Vozes.
- Rodríguez Alonso, M. (2010). “Un novo Premio Xerais”, *Blog Xerais* (21-11-2010). <http://bouvard.blogaliza.org/2010/11/21/un-novo-premio-xerais/>. (Consultado en 01.12.2017).
- Rodríguez Baixeras, X. (2010). *Brasil no centro*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez, L. (2010). “Limiar”. En Rodríguez Baixeras, X., *Deserto Diamantino*. Santiago de Compostela: Centro PEN de Galicia.
- Sacramento, O. & Ribeiro, F. B. (2013). "Trópicos sensuais: a construção do Brasil como geografia desejada", *Bagoas: Género, Sexualidade e Estudos Gays* 7, 10: 215 - 232.
- Said, E. (2008). *Orientalismo*. Barcelona: DeBolsillo.
- Schollhammer, K. E. (2007). “Breve mapeamento das relações entre violência e cultura no Brasil contemporâneo”, *Estudos de Literatura Brasileira Contemporânea*, 29: 27-53.
- Schwarcz L. M. (2012b). *Nem preto nem branco, muito pelo contrario: cor e raça na sociabilidade brasileira*. São Paulo: Claro Enigma.
- Schwarcz, L. M. (2012a). “Do preto, do branco e do amarelo: sobre o mito nacional de um Brasil (bem) mestiçado”, *Ciência e Cultura*, 64: 48-55.
- Spivak, G. C. (2010). “¿Por qué los estudios de las mujeres?”. En Carrera Suárez I. (coord.), *Nación, diversidad y género: perspectivas críticas*, 15-40. Barcelona: Antrophos.
- Todorov, T. (1999). *A conquista de América: a questão do outro*. São Paulo: Martins Fontes.
- Viveros, V. M. (2008). “La sexualidad de la raza y la racialización de la sexualidad en el contexto latinoamericano actual”. En Careaga G., *Memorias del 1er Encuentro Latinoamericano y del Caribe. La sexualidad frente a la sociedad*, 168-198. Bogotá:

Universidad Nacional de Colombia.

<http://www.ilef.com.mx/memorias%20sexualidad.%20lilia%20monroy.pdf>

(Consultado en 02.11.2017).

Yuval-Davis, N. (2010). "Etnicidad, relaciones de género y multiculturalismo". En Carrera Suárez I. (coord.), *Nación, diversidad y género: perspectivas críticas*, 64-84. Barcelona: Antrophos.

